

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Programación Didáctica
CPI AURELIO MARCELINO
2021-2022

ÍNDICE

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

4. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

5. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

5.1. 2º ESO

5.2. 3º ESO

5.3. 4º ESO

6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA e PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

6.1 2ºESO

6.2 3º ESO

6.3 4º ESO

6.4 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

MATERIAIS E RECURSOS.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU

COLECTIVAS QUE SE Poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN AOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PORCESOS DE MELLORA.

15. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

17. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura do **CPI Aurelio Marcelino** está integrado por Rodrigo Santiago e Susana Sánchez Arins, que imparten as seguintes materias e co seguinte horario:

Rodrigo Santiago: Lingua Castelá e Literatura en 2º ESO A e B, 3º ESO A e B, 4º ESO A e Lingua Inglesa en 1º ESO B.

Susana Sánchez: Ámbito Lingüístico en 1º ESO B e Xefatura de Departamento.

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación inscríbese no Proxecto Curricular de Centro e busca conciliar o cumprimento da lexislación educativa vixente co Artigo 27.2 da Constitución Española e a finalidade da educación secundaria obrigatoria como compensatoria das desigualdades sociais.

Para a súa elaboración tivéronse en conta, ademais do proxecto anteriormente mencionado, os seguintes documentos:

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

- Decreto 86/2015, segundo o cal é establecido o currículo ESO e Bacharelato LOMCE na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG do 29 de xuño).

- Resolución 27/07/2015, na que son marcadas as instrucións de implantación da LOMCE no curso 2015/16 (DOG do 29 de xullo).

- Orde/ECD/65/2015, na que son descritas as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29 de xaneiro).

- Decreto 229/2011 de atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG do 21 de decembro).

- Decreto 8/2015, que desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro) e a propia Lei (4/2011).

- Orde do 28/08/1995 que regula o procedemento para garantir o dereito do alumnado de ESO e Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos (BOE do 20 de setembro) Apartado

sexto, puntos 1 e 2.

– Instrucións do 1 de setembro de 2016 en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares para el curso 2015/2016.

O noso centro, o CPI Aurelio Marcelino Rey García, está situado na vila de Cuntis, cabeceira do concello homónimo (Pontevedra). Ten unha extensión de 79,8 Km², distribuídos en oito parroquias. Cuntis forma parte da comarca do Umia.

As características máis salientables do noso alumnado son: case todo o alumnado cursa toda a etapa obrigatoria no mesmo centro e leva facendo grupo desde Educación Infantil. Por volta dun 50% fai uso do transporte escolar. A maioría é galegofalante (como primeira opción lingüística), amosa polo xeral un escaso hábito lector e as súas familias adscribíense a un nivel socioeconómico medio-baixo.

Estes trazos axudan a entender a necesidade de organizar a materia de Lingua Castelá e Literatura, na medida do posible, con desdobres de grupos. A existencia -cada ano- dun número significativo de alumn@s con dificultades moderadas e/ou graves no desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística** xustifica plenamente unha atención máis personalizada, que poida detectar esas carencias de forma temperá e adoptar as oportunas medidas de reforzo (que aparecen recollidas nesta programación).

Por esta razón, este curso foron artellados grupos dobres en 1ºESO e 2º ESO e 3ºESO complementados con reforzos.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

a. Comunicación lingüística (CL)

Esta competencia é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas que a persoa actúa con outras interlocutoras e a través de textos nun grande número de modalidades, formatos e soportes. Representa unha vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural, que implica un factor de enriquecemento para a propia

competencia e que adquire unha particular relevancia no caso das linguas estranxeiras. Por tanto, un enfoque intercultural no ensino e na aprendizaxe das linguas supón unha importante contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco componentes que a constitúen e ás dimensións en que se concreta:

- A **compoñente lingüística** comprende diversas dimensións: léxica, gramatical, semántica, fonolóxica, ortográfica e ortoépica, entendendo esta como a articulación correcta do sono a partir da representación gráfica da lingua.
- A **compoñente pragmático-discursiva** contempla tres dimensións: sociolingüística (vinculada á produción e recepción adecuadas de mensaxes en diferentes contextos sociais), pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción) e discursiva (abarca as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- A **compoñente sociocultural** contempla dúas dimensións: a referida ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- A **compoñente estratéxica** permite ás persoas superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe, por un lado, destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa; por outro lado, acolle destrezas ligadas ao tratamento da información, a lectura multimodal e á produción de textos dixitais en diferentes formatos. Tamén forman parte desta compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivo que as persoas utilizan para comunicarse eficazmente.
- A **compoñente persoal** que se articula en tres dimensións: actitude, motivación e trazos de personalidade.

No ensino tradicional de Lingua Castelá e Literatura, de todas estas compoñentes, foi privilexiada a lingüística, mais debemos ter en conta que son a pragmático-discursiva e a estratéxica as que focalizan a acción docente no

concepto actual de adquisición de competencia en comunicación lingüística.

b. Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática, hai que abordar catro áreas relativas ao números, a álgebra, a xeometría e a estadística, a cales se interrelacionan de formas diversas:

- A **cantidade**. Esta noción incorpora a cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo, interpretando distintas representacións de todas elas e xulgando interpretacións e argumentos. Participar na cuantificación do mundo supón comprender as medicións, os cálculos, as magnitudes, as unidades, os indicadores, o tamaño relativo e as tendencias e patróns numéricos.
- O **espazo e a forma**. Inclúen unha ampla gama de fenómenos do noso mundo visual e físico: patróns, propiedades dos obxectos, posicións, direccións e as súas representacións; descodificación e codificación de información visual, así como navegación e interacción dinámica con formas reais ou con representacións.
- A **mudanza e as relacións**. O mundo abrangue multitude de relacións temporais e permanentes entre los obxectos e as circunstancias, nas que as mudanzas son producidas dentro de sistemas de obxectos interrelacionados. Ter máis coñecementos sobre a mudanza e as relacións supón comprender os tipos fundamentais de mudanza e saber cando teñen lugar, a fin de utilizar modelos matemáticos adecuados para describilos e predicilos.
- A **incerteza e os datos**. Son un fenómeno central da análise matemática presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas, no que resultan básicas a presentación e a interpretación de datos.

As **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** proporcionan un

achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el desde accións -tanto individuais como colectivas- orientadas a conservar e mellorar o medio natural, decisivas para protexer e manter a calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas; estes métodos conducen a adquirir coñecementos, contrastar ideas e aplicar os descubrimentos ao benestar social.

As competencias en ciencia e tecnoloxía capacitan persoas responsábeis e respectuosas para desenvolver xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias habilitarán para identificar, propor e resolver situacións da vida cotiá -persoal e social-, de forma análoga a como se actúa fronte a los retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O ámbitos que deben ser abordados para adquirir as competencias en ciencia e tecnoloxía son:

- **Sistemas físicos** asociados os comportamentos das substancias no campo físico-químico.
- **Sistemas biolóxicos**, propios dos seres vivos, dotados dunha complexidade orgánica que hai que coñecer para preservalos e evitar o seu deterioro.
- **Sistemas da Terra e do espazo**, desde unha perspectiva xeolóxica e cosmogónica.
- **Sistemas tecnolóxicos**, derivados, basicamente da aplicación de saberes científicos aos usos cotiás de instrumentos, máquinas e ferramentas, e ao desenvolvemento de novas tecnoloxías asociadas ás revolucións industriais, que foron mellorando a situación dos pobos.

Ao complementar os sistemas de referencia enumerados e promover accións transversais a todos eles, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía necesita, de maneira esencial, a formación e práctica nos seguintes dominios:

- ◆ **Investigación científica** como procedemento e recurso para conseguir coñecementos científicos e tecnolóxicos logrados ao longo da historia.

- ◆ **Comunicación da ciencia**, para transmitir adecuadamente os coñecementos, achados e procesos.

c. Competencia dixital (CD)

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación, para alcanzar os obxectivos relacionados coa aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade, o traballo e o emprego.

Esta competencia supón, ademais dunha adecuación ás mudanzas que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un novo conxunto de habilidades, actitudes e coñecementos necesarios na actualidade para ser autónomas nun entorno dixital.

Un adecuado desenvolvemento da competencia dixital implica abordar varios ámbitos:

- A **información**. Supón comprender como é xestionada e de que modo é posta a disposición das persoas usuarias, así como coñecer e manexar diferentes motores de pesquisa e bases de datos, sabendo escoller aqueles que mellor respondan ás propias necesidades informativas.
- A **análise e interpretación** da información que se obtén, o cotexo e a avaliación do contido dos medios de comunicación, en función da súa validez, fiabilidade e adecuación entre as fontes, tanto en liña como fóra de liña.
- A **transformación da información en coñecemento**, seleccionando apropiadamente diferentes opcións de almacenaxe.
- A **comunicación**. Supón tomar conciencia dos diferentes medios de comunicación dixital e de varios paquetes de *software* de comunicación e o seu funcionamento, os seus beneficios e carencias en función do contexto e das persoas destinatarias. Ao mesmo tempo, implica saber que recursos poden ser compartir publicamente e cal é o seu valor. É dicir, trátase de coñecer de que maneira as tecnoloxías e os medios de comunicación poden permitir diferentes formas de participación e colaboración para crear contidos que xeren un beneficio común. Iso supón coñecer cuestións éticas como a identidade dixital e as normas de interacción dixital.

- A **creación de contidos**. Implica que os contidos dixitais poden ser realizados en diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes), así como identificar os programas ou aplicacións que mellor se adaptan ao contido que se desexa crear. Supón tamén unha contribución ao coñecemento de dominio público (*wikis*, foros públicos, revistas), tendo en conta as normativas sobre os dereito de autoría e as licencias de uso e publicación da información.
- A **seguridade**. Trátase de saber cales son os distintos riscos asociados ao uso das tecnoloxías e os recursos en liña, así como as estratexias actuais para evitalos. Isto supón identificar comportamentos adecuados no ámbito dixital para protexer a información –propia e doutras persoas–, así como coñecer os aspectos aditivos das tecnoloxías.
- A **resolución de problemas**. Esta dimensión implica coñecer a composición dos dispositivos dixitais, as súas potencialidades e as súas limitacións para conseguir metas persoais, así como saber onde buscar axuda para resolver problemas teóricos e técnicos. Isto significa unha combinación heteroxénea e ben equilibrada das tecnoloxías dixitais e non dixitais básicas nesta área de coñecemento.

d. Aprender a aprender (CAA)

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se dá ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos, formais, non formais e informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar e organizar a aprendizaxe, e para persistir nela. Isto esixe, en primeiro lugar, ter capacidade para motivarse por aprender. Tal motivación depende de que sexan xeradas curiosidade e necesidade de aprender, de que a estudante se sinta protagonista do proceso e o resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, así, se produza nela unha percepción de eficacia. Todo o anterior contribúe a motivala para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

En segundo lugar, en canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia de aprender a aprender necesita coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e ás demandas das tarefas

e actividades que conducen esta. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma. Por outra parte, para o adecuado desenvolvemento do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor, resulta necesario abordar estes aspectos:

- O **coñecemento que a estudante ten acerca do que sabe e do que descoñece**, do que é quen de aprender, do que lle interesa, etc.
- O **coñecemento da disciplina** na que se materializa a tarefa de aprendizaxe, así como o saber do contido concreto e das demandas da propia tarefa.
- O **coñecemento das diferentes estratexias** posíbeis para afrontar a tarefa.
- **Estratexias de planificación** nas que se reflicte a meta de aprendizaxe que se persegue, así como o plan de acción cuxa aplicación se ten prevista para alcanzala.
- **Estratexias de supervisión** nas que o estudante vai comprobando a adecuación das accións que está a desenvolver e a aproximación á meta.
- **Estratexias de avaliación** nas que se analiza tanto o resultado como o proceso que se levou a cabo.

A motivación e a confianza son cruciais para adquirir esta competencia. Ambas son potenciais propondo metas realistas a curto, medio e longo prazo. Se son alcanzadas esas metas, aumentan a percepción de eficacia e a confianza, e con iso elévanse os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva. As persoas deben ser capaces de apoiarse en experiencias vitais e de aprendizaxe previas, a fin de usar e aplicar os novos coñecementos e capacidades noutros contextos, como os da vida privada e profesional, a educación e a formación.

e. Competencias sociais e cívicas (CSV)

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade –entendida desde diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa–, e para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados. Tamén inclúen a capacidade de elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como interactuar con outras

persoas e grupos conforme a unhas normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais, inclúen accións máis achegadas e inmediatas respecto á persoa como parte dunha implicación cívica e social.

A **competencia social** relaciónase co benestar persoal e colectivo. Esixe entender o modo no que as persoas poden procurarse un estado óptimo de saúde física e mental, tanto para elas mesmas como para as súas familias e o seu entorno social próximo; tamén implica saber como un estilo de vida saudábel pode contribuír a iso.

A **competencia cívica** baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, así como da súa formulación na Declaración Universal do Dereitos Humanos, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, Constitución española e outras declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, estatal, europea e internacional. Isto inclúe coñecer os acontecementos contemporáneos, así como os feitos máis destacados e as principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial. Engloba, tamén, a comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de minorías culturais e sociedades híbridas no mundo globalizado.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias, é necesario comprender e entender as experiencias colectivas, a organización e o funcionamento do pasado e o presente das sociedades, a realidade social do mundo no que se vive, os seus conflitos e as motivacións destes, os elementos que son comúns e os que son diferentes. Tamén é preciso coñecer os espazos e territorios en que se desenvolve a vida dos grupos humanos, os seus logros e problemas, para comprometerse persoal e colectivamente no seu melloramento, participando, así, de forma activa, eficaz e construtiva na vida social e profesional.

Da mesma maneira, estas competencias incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa para relacionarse coas demais. Tamén as capacitan para cooperar, comprometerse e facer fronte a conflitos, así como para tomar perspectiva, desenvolver a percepción da persoa respecto á súa capacidade para influír no social e elaborar argumentacións baseadas en evidencias.

Adquirir estas competencias supón ser quen de pórse no lugar da outra, aceptar as diferencias, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas, e a historia persoal e colectiva das demais persoas. É dicir, trátase de unir o individual e o social, o privado e o público na procura de solucións construtivas dos conflitos e problemas da sociedade democrática.

f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación na que hai que intervir ou que se debe resolver, e saber escoller, planificar e xestionar as destrezas, habilidades, actitudes e coñecementos necesarios con criterio propio, a fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral en que se desenvolven as persoas, e permítelles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe, igualmente, o cimento de outras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

A adquisición desta competencia é determinante para formar futuras cidadás emprendedoras; deste modo, contribúese á cultura do emprendemento. Neste sentido, a súa formación debe incluír destrezas e coñecementos relacionados coas oportunidades de carreira e o mundo do traballo, a educación económica e financeira, o coñecemento da organización e os procesos empresariais. Igualmente, supón o desenvolvemento de actitudes que impliquen un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, e a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza. Estas habilidades resultan moi importantes para favorecer o nacemento de emprendedoras sociais, como as denominadas intraempreendedoras (empreendedoras que traballan dentro de empresas ou organizacións que non son súas), así como de futuras empresarias.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar estes aspectos:

A **capacidade proactiva para xestionar proxectos**; capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar individualmente e de maneira colaborativa dentro dun equipo; sentido da responsabilidade; avaliación e

autoavaliación.

- A **capacidade creadora e de innovación**; creatividade e imaxinación; autocoñecemento e autoestima, autonomía e independencia, interese e esforzo, espírito emprendedor, iniciativa e innovación.
- A **capacidade de asunción e xestión de riscos**, e o manexo da incerteza: comprensión e asunción de riscos; capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza.
- As **calidades do liderado**, de traballo individual e en equipo, de liderado e delegación, capacidade para traballar individualmente e en equipo, capacidade de representación e negociación.
- O **sentido crítico e da responsabilidade**; sentido e pensamento crítico, sentido da responsabilidade.

g. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A **competencia en conciencia e expresións culturais** implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, con unha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal, e consideralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén unha compoñente expresiva que se refire á propia capacidade estética e creadora, e ao dominio das capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder usalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar estes ámbitos:

O **coñecemento, estudo e comprensión tanto dos diferentes estilos e xéneros artísticos** como das principais obras e producións do patrimonio cultural e artístico en distintos períodos históricos, as súas características e as súas relacións coa sociedade en que son creadas, así como os trazos das obras de arte producidas. Isto conseguirase mediante o contacto coas obras de arte. Este coñecemento tamén se vincula coa creación da

identidade cultural como cidadá dun país ou integrante dun grupo.

- A **aprendizaxe das técnicas e os recursos** das diferentes linguaxes artísticas e formas de expresión cultural, así como da integración de distintas linguaxes.
- O **desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas**, experiencias e emocións propias, partindo da identificación do potencial artístico persoal (aptitude/talento). Así mesmo, tamén se pretende o desenvolvemento da capacidade de percibir, comprender e enriquecerse coas producións do mundo da arte e da cultura.
- A **potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias** de cada persoa de cara á expresión das propias ideas e sentimentos. É dicir, é a capacidade de imaxinar e realizar producións que supoñan recreación, innovación e transformación. Implica o fomento de habilidades que permitan reelaborar ideas e sentimentos propios e alleos, e esixe desenvolver o autocoñecemento e a autoestima, así como a capacidade de resolución de problemas e a asunción de riscos.
- O **interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica** das obras artísticas e culturais que se producen na sociedade, cun espírito aberto, positivo e solidario.
- A **promoción da participación na vida e nas actividades culturais** da sociedade en que se vive, ao longo de toda a vida. Isto leva implícitos comportamentos que favorecen a convivencia social.
- O **desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina**, requisitos necesarios para crear calquera produción artística de calidade, así como habilidades de cooperación que permitan elaborar traballos colectivos.

4. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

PERFIL DE COMPETENCIA 1º ESO

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	RÚBRICA LCL-R1-CCL-EO-1				
		ASPECTOS	3	2	1	0
EXPRESIÓN ORAL	<p>LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.</p> <p>LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.</p> <p>LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</p> <p>LCLB1.4.1. Realiza presentación orais.</p> <p>LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</p>	Adecuación e distribución de contidos	Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesiona do aportando detalles relevantes do tema.	Expón as ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	Expón gran parte das ideas principais con bastante orde e aporta algúns detalles do tema. Comete erros na coherencia e nos recursos de cohesión.	Non expón a maioría das ideas principais nin os detalles. Falla dabondo na coherencia e na cohesión.
		Vocabulario	Utiliza un vocabulario amplo e axeitado	Utiliza un vocabulario bastante amplo e axeitado, con poucos erros.	Utiliza un vocabulario limitado e hai algúns erros de termos axeitados.	Utiliza un vocabulario moi limitado con repeticións de palabras inadecuadas.
		Expresión formal	Respecta as regras morfosintácticas e fonéticas.	Comete poucos erros morfosintácticos e fonéticos.	Ocasionalmente comete erros morfosintácticos e fonéticos.	Comete abundantes erros morfosintácticos e fonéticos.
		Aspectos prosódicos e linguaxe non verbal	Fala con voz claramente audible, con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal axeitada (xestos, mirada).	Fala con voz audible, non sempre con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal bastante axeitada (xestos, mirada).	Fala con voz audible, mais con erros na pronuncia e na entoación. Mantén unha expresión corporal ás veces pouco axeitada (xestos, mirada).	Fala con moi pouca claridade. A expresión corporal resulta inadecuada. Prolonga dabondo os silencios.
	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	RÚBRICA LCL-R1-CCL-EE-2				
		ASPECTOS	3	2	1	0
EXPRESIÓN ESCRITA	<p>LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo</p> <p>LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo</p> <p>LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</p> <p>LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.</p>	Adecuación e tipoloxía textual	Produce diferentes tipos de texto e utiliza o rexistro adecuado. Fai uso de estruturas propias da lingua.	Produce diferentes tipos de texto e utiliza o rexistro adecuado. Non sempre fai uso de estruturas propias da lingua.	Non domina todos os tipos de texto e comete algún erro co rexistro. Non sempre fai uso de estruturas propias da lingua.	Non domina os diferentes tipos de texto e comete moitos erros co rexistro. Apenas fai uso de estruturas propias da lingua.
		Ortografía e presentación	Non ten erros ortográficos e de acentuación. Presentación e caligrafía excelentes	Ten poucos erros ortográficos e de acentuación. Presentación correcta e caligrafía clara.	Presenta bastantes erros ortográficos e de acentuación. Erros na presentación e caligrafía por veces	Ten moitos erros ortográficos e de acentuación. Non se cuida a presentación, caligrafía ilexible.

	LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa.		.		ilexible.	
		Cohesión e coherencia	As ideas seguen unha orde lóxica e coherente. A sintaxe é correcta, sendo capaz de usar estruturas gramaticais complexas. Puntúa axeitadamente. Emprega mecanismos de cohesión.	As ideas seguen unha orde coherente. A sintaxe é correcta e comete poucos erros de puntuación. Emprega habitualmente mecanismos de cohesión.	As ideas non seguen sempre unha orde lóxica. Ten algúns erros na estrutura das oracións, na puntuación e nos mecanismos de cohesión.	As ideas non se presentan nunha orde lóxica. Ten bastantes erros na puntuación e nos mecanismos de cohesión. Son frecuentes as oracións incompletas.
		Vocabulario	Usa un vocabulario apropiado e incorpora o léxico aprendido en clase. Utiliza sinónimos que evitan a repetición	Usa vocabulario apropiado e inclúe algunhas palabras novas aprendidas en clase	Usa un vocabulario moi básico e non inclúe palabras novas aprendidas en clase. Os termos repítense en ocasións	Usa un vocabulario pobre e non aporta novas palabras aprendidas en clase. A repetición de vocábulos é constante
		RÚBRICA LCL-R1-CCL-CO-3				
	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ASPECTOS	3	2	1	0
COMPRESIÓN ORAL	LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral. LCLB2.1.1. Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas. LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	Atención	Presta atención constantemente durante a explicación ou audición.	Normalmente presta a atención e non se distrae durante a explicación ou audición.	Distráese ocasionalmente.	Distráese constantemente durante calquera explicación ou audición.
		Comprensión	Recoñece a idea xeral e os datos máis relevantes nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e as secundarias.	Recoñece a idea xeral pero falta algún dato relevante nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e as secundarias.	Recoñece a idea xeral pero faltan bastantes datos relevantes nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e en gran medida as secundarias.	Non recoñece sen axuda a idea xeral. Cústalle recoñecer as ideas principais e secundarias.
		Aspectos prosódicos	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	Case sempre recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	Con frecuencia recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	Cústalle recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.
		Respecto ás normas	Respecta sempre as normas de cortesía na comunicación oral (quenda	Respecta habitualmente e as normas de cortesía na comunicación oral	Soe respectar as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de	Non respecta as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra,

			de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento da linguaxe discriminat oria).	(quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento da linguaxe discriminat oria).	palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento da linguaxe discriminat oria).	respecto polas opinións alleas, rexeitamento da linguaxe discriminat oria).
		RÚBRICA LCL-R1-CCL-CE-4				
	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ASPECTOS	3	2	1	0
COMPRESIÓN ESCRITA	<p>LCLB2.1.1. Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas</p> <p>LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe</p> <p>LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.</p> <p>LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</p> <p>LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor</p> <p>LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.</p>	Comprensión xeral do texto	Recoñece o tema xeral e a mensaxe do texto. Constrúe enunciados que sintetizan, concretan e precisan o sentido do mesmo.	Recoñece a idea principal dun texto, pero cústalle construír un enunciado que logre sintetizar, concretar ou precisar o sentido do texto.	Recoñece a idea principal do texto e algunhas secundarias, mais deixa outras que poderían completar o sentido xeral do mesmo.	Cústalle distinguir entre ideas importantes e secundarias dun texto.
		Vocabulario	Coñece e emprega todo o vocabulario da lectura.	Descoñece poucas palabras pero pregunta polo seu significado e úsaas noutros contextos.	Descoñece algunhas palabras e cústalle empregalas noutros contextos.	Descoñece moitas palabras e non amosa interese por coñecelas.
		Tipoloxía textual	Interpreta con moita corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, narrativos, descritivos...	Interpreta con bastante corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, narrativos, descritivos...	Interpreta con suficiente corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, narrativos, descritivos....	Interpreta deficientemente e o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, narrativos, descritivos....
		Resumo do texto	O alumno/a é quen de recoller as ideas máis relevantes do texto desbotando as superfluas e evitando os detalles.	O alumno/a recolle as ideas máis relevantes do texto e mestúraas con algunhas superfluas.	O alumno/a resume parte do texto con precisión, mais hai algo de incompreensión.	O alumno/a atopa una grande dificultade ao resumir o texto.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	RÚBRICA LCL-R1-CSC-5 LCL-R1-CSIEE-5				
	ASPECTOS	3	2	1	0
<p>LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.</p> <p>LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.</p> <p>LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor</p> <p>LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.</p> <p>LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.</p> <p>LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.</p> <p>LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.</p> <p>LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.</p>	<p>Participación</p>	<p>Participa activamente nas tarefas do grupo e axuda a que os demais membros participen. Escoita, comparte e apoia sempre o esforzo dos outros.</p>	<p>Adoita participar activamente nas tarefas do grupo e axudar a que os demais membros participen; usualmente escoita, comparte e apoia o esforzo dos outros.</p>	<p>En ocasións participa de forma máis ou menos activa nas tarefas do grupo aínda que non é un bo membro do grupo; ás veces escoita, comparte e apoia o esforzo dos outros.</p>	<p>Nunca ou case nunca participa activamente nas tarefas do grupo nin axuda aos demais membros. Raramente escoita, comparte e apoia o esforzo dos outros.</p>
	<p>Contribucións</p>	<p>Proporciona sempre ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase. É un líder que contribúe con moito esforzo.</p>	<p>Polo xeral proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase, amosándose como un membro forte do grupo.</p>	<p>Ás veces proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.</p>	<p>Rara vez proporciona ideas útiles cando participa no grupo e en ocasións dificulta as propostas dos outros</p>
	<p>Respecto e tolerancia</p>	<p>Sempre amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e intenta solucionar posibles conflitos.</p>	<p>Adoita amosar respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e na maioría das ocasións intenta solucionar os conflitos.</p>	<p>Con frecuencia amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e ás veces intenta solucionar os conflitos.</p>	<p>Poucas veces amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e non intenta solucionar conflitos.</p>
	<p>Manexo do tempo</p>	<p>Manexa ben o tempo durante todo o proxecto e sempre entrega mesmo con algo de antelación o seu traballo</p>	<p>Adoita manexar ben o tempo, aínda que puntualmente pode demorarse. O grupo non ten que modificar os prazos por el.</p>	<p>Tende a demorarse, pero acaba tendo feitas as cousas no límite. O grupo non ten que modificar os prazos por el.</p>	<p>Poucas veces remata a tempo o seu traballo, co que impide ou dificulta ao grupo entregalo na data límite e é preciso modificar os prazos.</p>

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	RÚBRICA LCL-R1-CAA-6				
	ASPECTOS	3	2	1	0
<p>LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</p> <p>LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.</p> <p>LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.</p>	<p>Seleccionar a información</p>	<p>Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica e relaciónaa con outros apartados</p>	<p>Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica pero non a relaciona con outros apartados</p>	<p>Discrimina información útil, pero non a traballa criticamente</p>	<p>Copia literalmente a información sen traballar na súa selección.</p>
	<p>Esquematzar e organizar</p>	<p>Dálle forma ao esquema, recoñece os contidos básicos e organizaos e xerarquizaos de forma axeitada.</p>	<p>Organiza e xerarquiza con bastante corrección pero omitindo algún dato.</p>	<p>Parte da información non está ben organizada e xerarquizada e omite algún dato.</p>	<p>Ten dificultades para organizar e xerarquizar a información.</p>
	<p>Aplicar coñecementos previos</p>	<p>Aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.</p>	<p>Frecuentemente aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.</p>	<p>Ás veces aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.</p>	<p>Apenas aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.</p>
	<p>Avaliación do traballo propio e alleo</p>	<p>Avalía criticamente o traballo propio e alleo, argumentando, aportando opinións persoais e analizando fortalezas e deficiencias do mesmo.</p>	<p>Avalía criticamente o traballo propio e alleo mais ás veces non recoñece erros relacionados coa redacción deficiente, pobreza léxica, coherencia, argumentacións...</p>	<p>Avalía o traballo propio e alleo a través de xuízos simples, con algunha opinión persoal, sen aportar explicacións convincentes.</p>	<p>Non é quen de avaliar o traballo propio nin o alleo. Mostra desinterese e carece de argumentos.</p>

PERFIL DE COMPETENCIA 2º ESO

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
LCLB3.3.3. Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina e utilízalos para deducir o significado de palabras descoñecidas.	X	X	X	X	X	X		X	X	X	Deduce o significado de palabras con prefixos e sufixos de orixe grecolatina.
LCLB3.4.1. Explica todos os valores expresivos das palabras que gardan relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	X	X	X	X	X	X		X	X	X	Identifica os valores expresivos das palabras en relación co texto no que se insiren.
LCLB3.4.2. Explica con precisión o significado de palabras, e usa a acepción adecuada en relación ao contexto en que aparecen.	X	X	X	X	X	X		X	X	X	Define palabras en función do contexto.
LCLB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Utiliza o dicionario para resolver dúbidas gramaticais.	
LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.	X	X	X	X	X	X		X	X	X	Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas
LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.	X	X	X	X	X	X		X	X	X	Identifica o núcleo dunha frase.
LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia	X	X	X	X	X	X		X	X	X	Substitúe adxectivos,

semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.												substantivos e adverbios por estruturas subordinadas.
LCLB3.6.4. Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		Localiza fenómenos sintácticos en textos da vida cotiá.
LCLB3.7.1. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.	X	X	X	X	X	X	X	X	X			Mellora as súas producións textuais.
LCLB3.8.1. Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilízalas nas propias producións orais e escritas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Elabora textos e discursos expositivos e argumentativos.
LCLB3.8.2. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		Recoñece os elementos da situación comunicativa nun texto ou discurso.
LCLB3.8.3. Describe os trazos lingüísticos máis sobresalientes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Identifica os trazos lingüísticos dos textos expositivos e argumentativos,
LCLB3.8.4. Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízalos nas producións propias.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		Expresa a subxectividade nas súas producións.
LCLB3.9.1. Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.	X	X	X	X	X	X	X	X	X			Utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual
LCLB3.9.2. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Usa distintos conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna para proporcionar cohesión aos seus textos.
LCLB3.10.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		Identifica o rexistro lingüístico dun texto ou discurso.
LCLB3.10.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplícao	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Utiliza un rexistro adecuado nas súas producións orais e

que as falan é unha responsabilidade que debe ser compartida por todo o profesorado, e moi especialmente, polo das áreas de linguas:

- Ecolingüística: valoración das linguas non pola súa utilidade económica ou política, senón como elementos de riqueza e identidade cultural. Cuestionamento de criterios como cantidade de falantes, usos específicos, utilidades laborais, etc, para ser substituídos polo concepto de diversidade e variedade inherentes á condición humana.

- Valoración das linguas como instrumentos cognitivos, medios de comunicación privilexiados e elementos configuradores da identidade persoal e colectiva.

- Necesidade e interese por comunicarse.

- Valoración positiva da pluralidade lingüística.

A realidade lingüística en Galicia fai especialmente importante a tarefa do profesorado de promover determinadas actitudes, como o aprecio por conseguir unha competencia lingüística nas dúas linguas da Comunidade. Trátase de educar no respecto e a tolerancia cara a distintas opcións non coincidentes coa propia.

Outros aspectos importantes son a análise das interferencias entre castelán e galego, ou o estudo dos diferentes usos sociais da lingua.

Lingua oral

A aprendizaxe da competencia comunicativa na lingua oral basearase en dous tipos de actividades: por unha banda, na reflexión sobre mensaxes emitidas en procesos de comunicación reais, e doutra banda, na produción de textos orais de distinta natureza.

Na reflexión sobre a lingua oral veranse as diferenzas entre o oral espontáneo e o planificado, e tamén entre as formas de comunicación oral de carácter dual ou plural e singulares.

Na produción de textos orais insistirase naqueles tipos de discurso que veñen esixidos polas necesidades sociais ou culturais do alumnado destas idades. Mención particular merecen aquelas formas de comunicación oral que son predominantes na práctica didáctica de distintas disciplinas (resumos, exposición de temas...) ou na vida do grupo (exposicións, argumentacións, debates...). Na construción destes discursos insistirase na planificación previa, na estruturación, na corrección gramatical e na propiedade léxica dos mesmos.

Na análise de textos orais traballaranse as capacidades de síntese, resumo, captación de ideas principais, selección do importante fronte ao accesorio... Para ir logrando a competencia crecente na comunicación oral, será necesario empregar gradualmente diversas estratexias: conversación, recitación, dramatización, exposición, debate...

Intentarase que normalmente as actividades de comunicación oral estean estreitamente relacionadas coa realidade afectiva e social do alumnado. En calquera caso, estas actividades han de fomentar:

- A adecuación da mensaxe á función correspondente (argumentar, expoñer, narrar...)
- A ordenación das ideas e o énfase nas que sexan claves.
- Como oíntes: prestar atención, respectar as ideas dos demais, preguntar cando non se entende, etc.
- A regulación do ton de voz e a vocalización adecuada.
- A lectura expresiva, a recitación, a dramatización.
- O desenvolvemento da espontaneidade, sinxeleza e fluidez.
- O manexo áxil e solto en diferentes actuacións (conferencia, discurso, coloquio, debate...).
- A improvisación.
- A posibilidade de evitar as frases feitas, muletillas, etc.
- O uso do rexistro adecuado a cada situación.
- A posibilidade de captar os erros doutras falantes (con especial atención aos medios de comunicación social) e analizalos.
- O emprego consciente dos recursos para-verbais na interacción conversacional.

A ensinante debe estar atenta para sinalar as contradicións, pedir que se precisen as ambigüidades e vaguidades, lograr que todo o alumnado participe e corrixir incorreccións e erros de coherencia e propiedade. Un dos obxectivos é lograr que o alumnado se exprese con responsabilidade, mantendo unha actitude relaxada e xestos mesurados, intentando comprenderse entre si sen querer impoñer sempre as súas opinións.

Para terminar, atenderase nas actividades orais á existencia de diversos rexistros no seo da mesma lingua. A formulación do mesmo contido informativo en rexistros variados (coloquial, científico, estándar...) pode ser unha práctica motivadora. Así mesmo farase fincapé na produción e análise de textos orais relacionados con formas elocutivas da comunicación: descrición e narración.

Lingua escrita

O traballo sobre a lingua escrita basearase en dous tipos de actividades

interdependentes e complementarias: a comprensión e a expresión, a análise e a produción de textos escritos de diferentes tipos.

O eixo sobre o que virará este labor será o texto nas súas distintas manifestacións: textos diversos utilizados na vida cotiá (cartas, apuntes, diarios...), textos propios dos medios de comunicación de masas, das relacións coa administración, textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, instrutivos...

Para a interpretación e a análise de textos escritos débense practicar estratexias que axuden a captar o significado, talles como: extraer o significado global, sintetizar o tema, enumerar as ideas esenciais, establecer relacións entre as ideas, identificar a progresión temática, esquematizar, recoñecer a estrutura propia do tipo de texto, reformular o contido...

A análise dos textos escritos debe facilitar o desenvolvemento do espírito crítico e analítico do alumnado: detrás do efectivamente escrito intentárase captar a intención do emisor, as suposicións nas que se funda e a estratexia comunicativa adoptada por este; así mesmo, percibirase a concepción do mundo reflectida nos textos, así como os estereotipos e as ideas subxacentes.

Na produción de textos escritos débese insistir no dominio das operacións que hai que realizar para crealos:

- A planificación do texto de acordo coa intención comunicativa, co contexto, co tema, coa organización dos contidos e co tipo de texto. Isto esixe unha serie de decisións sobre obxectivos, tipoloxía textual, rexistro lingüístico, extensión... ; tamén require investigación sobre o contido, para a que se deben poñer en práctica técnicas de documentación e técnicas auxiliares como o resumo, a toma de notas, fichas...

- A lexibilidade e a presentación clara e ordenada (limpeza, caligrafía, marxes, títulos, parágrafos, espazos entre liñas, sangrías...).

- A ortografía e a puntuación.

- A organización interna lóxica, clara, ordenada e coherente do discurso.

- A corrección gramatical e o uso de estruturas cohesivas e nexos, oracionais e supra-oracionais, adecuados.

- O léxico apropiado, preciso e non repetitivo.

O profesorado non debe ser o corrector exclusivo das producións escritas elaboradas polo alumnado; ha de facilitarlle gradualmente as normas, os recursos e a metodoloxía apropiadas para levar a cabo a propia auto-avaliación, e a co-avaliación co resto de compañeir@s. Para facilitar esta cuestión, o uso de rúbricas é moi adecuado.

Algúns destes aspectos -especialmente os referidos á presentación, ortografía, propiedade e corrección- deben ser asumidos por todo o equipo de profesorado.

A lingua como obxecto de reflexión

A reflexión sobre a estrutura da lingua debe acompañarse á aprendizaxe do seu uso adecuado, á vez que se avanza no dominio de competencia comunicativa. Hai que ofrecer ao alumnado aqueles puntos de vista, conceptos e termos que lles permitan percibir fenómenos, regularidades e estruturas, así como fórmulas e regras.

A reflexión gramatical débese practicar ao fío das actividades de observación, análise, comparación, interpretación, investigación, comentario de textos e produción,. Con todo, como todo traballo gramatical debe ser algo sistemático, débese conxugar a reflexión sobre textos reais coa análise de pasaxes especialmente seleccionados para determinadas finalidades. Desaconséllanse exercicios mecánicos, sen sentido para o alumnado, xa que a gramática é instrumental e o obxectivo do seu dominio consiste en que os alumnos usen conscientemente e mellor os mecanismos da lingua, polo que nunca deben perderse de vista os valores semánticos, pragmáticos e, até, literarios.

Pódense distinguir os seguintes eixos nucleares :

- Sobre a relación do texto co contexto.
- Sobre estruturación de textos: tipos.
- Sobre construción e conexión de oracións: representación de unidades gramaticais, uso de organizadores e conectores, elementos de concordancia...
- Sobre procedementos para manter a continuidade do sentido: pronominalización, substitución léxica, elipses...
- Sobre procedementos de progresión temática: orde das palabras, repeticións, exemplificacións...
- Sobre métodos de formación de palabras: Composición, derivación, parasíntese, acronimia
- Sobre corrección gramatical de cada un dos planos lingüísticos.
- Sobre a ortografía e ortoloxía: da palabra, da oración, do discurso.
- Sobre localización de campos semánticos, fenómenos como: polisemia, sinonimia, antonimia, valores connotativos...
- Sobre as fontes léxicas da lingua: palabras patrimoniais, semicultismos, cultismos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos...
- Sobre os usos discriminatorios da lingua.

Convén practicar actividades de observación e comparación de unidades lingüísticas e textos, así como operacións de produción de unidades lingüísticas a partir dun esquema dado.

A reflexión sobre a lingua debe encamiñarse tamén, segundo indicamos, á mellora da competencia léxico-semántica, tanto no plano cuantitativo como no cualitativo. Preténdese que o alumnado incremente o léxico coñecido, actualice o vocabulario pasivo e se habitúe a usar as palabras con precisión e adecuación.

O alumnado alternará equilibradamente a determinación contextual do significado coa consulta minuciosa do dicionario. Para iso debe manexar con facilidade dicionarios de diverso tipo, interpretando adecuadamente as convencións dos mesmos.

Entre as moitas actividades relacionadas co dominio léxico-semántico poden citarse as seguintes: substitucións sinonímicas, procura de opostos, construción de definicións, composición e derivación de palabras, identificación e produción de campos léxicos e semánticos, transformación dun texto modificando o seu nivel léxico, substitucións léxicas atendendo a criterios estilísticos, retóricos e comunicativos, aplicación de campos semánticos na elaboración de descrições...

A lectura é tamén a base para a adquisición de vocabulario, por iso prográmase un amplo abanico de lecturas (textos completos ou fragmentos) que vaian, gradualmente, aumentando o caudal léxico do alumnado.

As convencións ortográficas serán tamén obxecto de reflexión, procurando concienciar ao alumnado da necesidade de vixiar a corrección ortográfica á hora da produción de textos. Para este feito son adecuadas unha ampla gama de estratexias que, dunha forma racional, comprensiva e amena, vaian afianzando no alumnado as normas ortográficas: o diario de ortografía, a auto corrección, a corrección de textos alleos, exercicios específicos... e, está claro, a lectura. Este aspecto ortográfico, para unha maior eficacia, debese ser asumido por todo o equipo docente.

En fin, segundo se sinalou xa noutros lugares desta programación, convén seguir un enfoque concreto e coherente de análise gramatical e unha mesma terminoloxía en todos os cursos da E.S.O., e que ambos sexan asumidos polos distintos departamentos de Lingua e Literatura, de modo que se eviten confusións ao alumnado e se simplifique a súa aprendizaxe metalingüística.

A lingua literaria

A sociedade actual, excesivamente pragmática e utilitaria, valora pouco os usos da linguaxe non convencionais, desinteresados, lúdicos, destinados ao goce. Con todo, a

realidade é que a linguaxe non só serve para intercambiar información; as obras literarias ofrécennos modelos para a propia escritura, fomentan o hábito da lectura, amplían os esquemas verbais enriquecen o léxico, abren a outras opinións, orientan sobre temas novos, transforman a función lingüística mecánica en expresión persoal, colaboran na mellor comprensión da cultura propia e allea, axudan á elaboración do pensamento, fomentan a fantasía, agudizan a visión crítica, desenvolven o gusto estético e introducen en coñecementos metalingüísticos e extralingüísticos.

Na aprendizaxe da literatura, como sistema complexo que é, debemos facer fincapé nos seguintes aspectos:

- Educar a sensibilidade para comprender o mundo que nos rodea a través da lectura literaria.
- Profundar na función poética da lingua.
- Desenvolver a capacidade creativa e a valoración estética.

Nesta etapa educativa é importante que o alumnado comece o seu coñecemento da literatura por medio dunha lectura comprensiva e interiorizada dos textos. Esta lectura debe profundar no que o autor quere dicir e no xeito que o di. Para enriquecernos coa lectura, esta debe ser activa e creativa; require a inter-relación de diversas operacións mentais, xa que é un acto de coñecemento no que se estruturan distintos mundos, relacionados tanto co emisor como co receptor. O carácter pluri-significativo da obra literaria é un estímulo de singular eficacia no desenvolvemento intelectual e cognitivo da persoa.

En coherencia co exposto, o noso enfoque será sobre todo de carácter dedutivo. Aínda que na súa función propedéutica o profesorado tamén realizará exposicións teóricas no aula, han de prevalecer aspectos relacionados, sobre todo, coa investigación, comprensión, análise e reflexión. O ensino da literatura non pode converterse nunha memorización de nomes, obras e datas, senón que a aprendizaxe debe constituír unha experiencia vital.

O traballo de investigación partirá da lectura comprensiva e reflexiva dos textos. O alumno interpretará estes de xeito analítico e extraerá as características propias de cada xénero proposto. Afondará na función poética da linguaxe e adquirirá novas habilidades lingüísticas.

A través da lectura de textos literarios o alumno aumentará a súa sensibilidade estética. Comprenderá que a literatura é unha forma de expresar sentimentos e concepcións da realidade, que poden ser íntimos ou subxectivos, pero que poden tamén

responder á visión do mundo dunha colectividade nun momento determinado.

A lingua e os medios de comunicación

Co ensino sobre os medios de comunicación social trátase de promover no alumnado as actitudes e habilidades que o faga usuario racional dos medios de comunicación, receptor crítico das mensaxes informativas, publicitarias e propagandísticas de toda índole. Este traballo de formación -destinado a prever os riscos de alienación consumista e manipulación ideolóxica- constitúe unha responsabilidade claramente interdisciplinaria. Non resulta conveniente considerar os distintos medios de comunicación de masas como rivais extra-escolares. Parece mellor tender unha ponte, reflexiva e práctica, entre o que ofrecen estes medios e as aprendizaxes que se adquiren nas aulas.

Os textos extraídos dos medios de comunicación permiten analizar a interferencia entre os códigos verbais e non verbais no caso da prensa, a publicidade, o cine, ou a televisión.

Á marxe do modo de utilizar a lingua propia dos medios de comunicación, será preciso atender ás peculiaridades do código de cada un destes medios así como á análise das mensaxes propagandísticas e publicitarias, descifrando os métodos e estratexias usadas para provocar hábitos consumistas e de encubrimento da realidade. Debemos recordar que o adolescente é un consumidor ávido de mensaxes audiovisuais e, a miúdo, carece da capacidade necesaria de distanciamento reflexivo. Neste sentido é conveniente practicar a lectura de imaxes publicitarias para logo extraer as posibles mensaxes implícitas de carácter manipulador e afianzar o espírito crítico .

Especial atención merece -sobre todo nun ámbito con pouca tendencia á lectura- a prensa periódica, coa súa variedade de tipos de texto e estilos de linguaxe, así como co seu peculiar código.

A construción de modelos escolares destes medios será un método importante para afondar no coñecemento de diversos contidos: a elaboración de noticias ou entrevistas, a produción de textos publicitarios, etc., xerarán actividades variadas e motivadoras.

O traballo sobre os medios de comunicación permite ademais a observación de fenómenos relacionados coa socioloxía das linguas: emprego dunha ou outra lingua, interferencias lingüísticas...

Estratexias metodolóxicas.

A mellor maneira de enxertar na programación de aula toda esta variedade de achegamentos á lingua é integrando a **construción de textos**, tal e como explicamos na presentación [A construír textos \(pequenos grandes proxectos\)](#), na **aprendizaxe baseada en proxectos**, que podemos encontrar formulada teoricamente na wiki [Proyectosparaaprender](#).

Partindo desta metodoloxía de traballo, faremos unha tentativa de integrar todos os contidos en función de **proxectos textuais** que o alumnado debe construír, de maneira que fagamos un achegamento a todas as modalidades da competencia lingüística: interaccionar, falar, escoitar, escribir e ler. Ademais, na organización de cada proxecto reforzaremos a interiorización por parte do alumnado das fases de elaboración de calquera produto textual: planificación, produción e revisión, así como o uso de borradores, esquemas previos, avaliacións intermedias, etc.

O recurso a **dinámicas de traballo cooperativo** favorecerá a aprendizaxe de todos os contidos relacionados coa **interacción oral**, así como a utilización da conversa e o diálogo como base do achegamento aos diferentes proxectos.

As Profesoras do Departamento participan no **Plan de Formación Permanente en Centros** que organiza o centro, polo que toda a programación de aula pode ser submetida a modificacións en función das prácticas en aula relacionadas co programa formativo.

Seguindo esta proposta, o curso 21-22 foi estruturado en base a proxectos documentais. Debemos ter en conta a receptibilidade do alumnado para a implantación deste sistema metodolóxico, que será adaptado e modificado en función dos contextos de aula que encontren e do desenvolvemento do PDI do centro ***A Viaxe de Magalhaes e Elcano: Unha volta ao mundo sustentábel***:

Proposta 2º ESO:

Proposta 2º ESO:

Proxecto 1: Somos raras!!

Este proxecto é transversal, pola súa singularidade, a todos os demais. É o proxecto que acolle e vehicula o Plan Anual de Lectura da materia: consiste nunha sesión dialogada (acompañada ou non do comentario e reelaboración escrita) sobre os capítulos do libro escollido como lectura común e curtametraxes asociadas a eles. Este proxecto atravesará todos os outros pois ten unha temporalización anual, cunha sesión quincenal dedicada. Desta maneira, ao longo do curso imos introducindo e incrementando contidos como: *As técnicas narrativas, orais e*

escritas. A caracterización das personaxes. A voz narrativa. A autobiografía e o diario persoal. Comentario de obras audiovisuais. Lectura de obras literarias. Búsqueda de información. Toma de notas e elaboración de apontamentos.

Na parte final do curso elaboraremos unha vídeo-reseña que recolla unha valoración do libro lido, incluíndo contidos como *Información e opinión, O discurso expositivo, A Argumentación.*

Proxecto 2: *Nací en Madrid a los dos días de edad*

O produto final deste proxecto é a elaboración da propia autobiografía por parte de cada alumna e alumno, incluíndo contidos como *A entrevista, A narración, O texto expositivo, A efeméride.*

Proxecto 3: *Manual para mamás e papás dummies*

O produto final deste proxecto é a elaboración dunha guía sobre a adolescencia dirixida a nais e pais, incluíndo contidos como *O texto expositivo, Denotación e connotación, O Tecnicismo e a linguaxe científica.*

Proxecto 4: *Cuando despertó...*

O produto final deste proxecto é a organización dun certame de microrrelatos para todo o centro, vehiculado através da Biblioteca Escolar. Inclúe contidos como *A narración, O texto instrutivo, O tabú e o eufemismo..*

Proxecto 5: *A poesía sae à rúa.*

O produto final deste proxecto é a organización dunha intervención poética na Vila de Cuntis, incluíndo a participación nun Obradoiro Poético ou Encontro cunha Poeta. Inclúe contidos como *O xénero lírico. Denotación e Connotación. A Comparación e a metáfora. O ritmo.*

Proposta 3º ESO:

Proxecto 1: *Os amores difíciles*

Este proxecto é transversal, pola súa singularidade, a todos os demais. É o proxecto que acolle e vehicula o Plan Anual de Lectura da materia: consiste nunha sesión dialogada (acompañada ou non do comentario e reelaboración escrita) sobre os capítulos do libro escollido como lectura común e novas xornalísticas/cancións populares asociadas a eles. Este proxecto atravesa todos os outros pois ten unha temporalización anual, cunha

das tres sesións semanais dedicada. Desta maneira, ao longo do curso imos introducindo e incrementando contidos como: *As técnicas narrativas, orais e escritas. A caracterización das personaxes. A voz narrativa. A violencia de xénero. Comentario de obras audiovisuais. Lectura de obras literarias. Búsqueda de información. Toma de notas e elaboración de apontamentos.*

Na parte final do curso elaboraremos un texto de banda deseñada que recolla unha adaptación ao século XXI dalgunha das historias de amor traballadas durante o ano, incluíndo contidos como *A linguaxe secuencial, O diálogo, A metáfora visual, Tipos de Planos, A onomatopeia, O resume, O comic e o manga, A transliteración.*

Proxecto 2: *Ai, que romántico!*

O produto final deste proxecto é a elaboración da parodia dunha canción de amor eliminando todos os prexuízos de xénero que poda incluír. Utilizaremos materiais de variedades diferentes do castelán. Traballaremos contidos como, *Mitos do amor romántico, Tópicos Literarios, A parodia, Variedades lingüísticas do castelán, Características da narración audiovisual.*

Proxecto 3: *Cambiando de roles.*

O produto final deste proxecto é a elaboración dun spot publicitario non sexista, incluíndo contidos como Propaganda e publicidade, *Denotación e connotación, A Metáfora visual, O Slogan, Tópicos Literarios.*

Proxecto 4: *Damos e cabaleiras*

O produto final deste proxecto é a elaboración dun informativo medieval, incluíndo contidos como *A narración, O amor cortés, O heroe medieval, As cruzadas, A materia de Bretaña, a linguaxe xornalística, A nova, a reportaxe, a crónica, Características da narración audiovisual.*

Proxecto 5: *Esto es amor, quien lo probó lo sabe.*

O produto final deste proxecto é a organización dun recital poético que acolla tanto obras propias como clásicos da poesía amorosa, incluíndo a participación nun Obradoiro Poético ou Encontro cunha Poeta. Inclúe contidos como *O xénero lírico. Denotación e Connotación. A Comparación e a metáfora. O ritmo, Amor Platónico e Amor*

cortés, Topica Amoris.

Proposta 4º ESO:

Proxecto 1: Tristes guerras tristes

Este proxecto é transversal, pola súa singularidade, a todos os demais. É o proxecto que acolle e vehicula o Plan Anual de Lectura da materia: consiste nunha sesión dialogada (acompañada ou non do comentario e reelaboración escrita) sobre os capítulos do libro escollido como lectura común e escenas televisivas ou cinematográficas asociadas a eles. Este proxecto atravesará todos os outros pois ten unha temporalización anual, cunha das tres sesións semanais dedicada. Desta maneira, ao longo do curso imos introducindo e incrementando contidos como: *As técnicas narrativas, orais e escritas. A caracterización das personaxes. A voz narrativa. Cultura de guerra, cultura de paz. Comentario de obras audiovisuais. Lectura de obras literarias. Procura de información. Toma de notas e elaboración de apuntamentos.*

Na parte final do curso elaboraremos unha curtametraxe sobre as refuxiadas de guerra, incluíndo contidos como *A linguaxe audiovisual, O diálogo, A metáfora visual, Tipos de Planos, O resume, A transliteración.*

Proxecto 2: Torre de Babel

O produto final deste proxecto é a elaboración de traballos académicos sobre comunicación animal e humana. Traballaremos contidos como *Tipos de comunicación animal, Linguaxe e Lingua, Os tecnicismos e a linguaxe científica, O texto Expositivo.*

Proxecto 3: Falamos de mil maneiras.

O produto final deste proxecto é a organización dunha exposición divulgativa: As linguas do mundo, incluíndo contidos como *Orixe das linguas, Familias lingüísticas, A Diversidade lingüística, O discurso argumentativo.*

Proxecto 4: Ui, que medo!!

O produto final deste proxecto é a escritura dun conto de ambientación romántica, incluíndo contidos como *A narración literaria, O romanticismo, O heroe romántico, Literatura Popular, Historia Local.*

Proxecto 5: A pegada dos avós.

O produto final deste proxecto é a elaboración dunha crónica sobre a memoria da Guerra Civil en Cuntis, incluíndo contidos como *A entrevista*, *A reportaxe e a crónica*, *A investigación xornalística*.

Proxecto 6: Ceci n'est pas un poème.

O produto final deste proxecto é a elaboración dunha *antoloxía de poesía vangardista*, traballando contidos como *O collage*, *O caligrama*, *O haicu*, *Poesía Visual*, *Denotación e Connotación*, *A Comparación e a metáfora*, *O ritmo*.

Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Un dos obxectivos do traballo por tarefas e en base a proxectos é que as producións do alumnado sexan os materiais de base para o traballo da materia, ou, doutra maneira, que a centralidade da materia estea nas súas producións e non en producións alleas. De aí nace a renuncia a utilizar libro de texto, de maneira que calquera documento necesario para a adquisición de coñecementos naza das necesidades e esixencias concretas do grupo e da pesquisa e das actividades ALFIN co alumnado.

En todo o caso, os materiais e recursos de carácter xeral que utilizaremos ao longo do curso serán os seguintes:

Selección de lecturas

- Dossieres teóricos: como non utilizaremos libro de texto, poderemos contar con apuntamentos e esquemas explicativos dos diferentes contidos.
- Libros completos, adecuados á idade e intereses do alumnado: lectura obrigatoria de dous por ano.
- Antoloxías de textos seleccionados: completos (relato, poesía) ou fragmentos.

Caderno de clase

Reflexo do esforzo, dos hábitos de estudo e do estilo de aprendizaxe dos alumnos, constitúe un medio de avaliación de importancia, segundo xa se sinalou no lugar oportuno.

Materiais audiovisuais

Vídeos adecuados ao tema que se estea tratando, audicións de recitais de poesía ou de poemas musicados por autores contemporáneos, documentais, películas, seriais televisivos, curtametraxes, reportaxes, etc.

Xornais, revistas, cómics...

Recompilacións de exercicios de carácter específico

De revisión de temas, de ortografía, puntuación, corrección gramatical, relacións supra-oracionais...

Dicionarios

O alumnado ha de dispoñer dun na súa casa, adaptado ás súas necesidades. Haberá tamén un dicionario permanentemente na aula, para o seu emprego cotiá. Intentarase que os alumnos se familiaricen con diversos tipos de dicionarios (ideolóxico, etimolóxico, de sinónimos e antónimos, etc...).

TICS

- Na ESO incorporanos este curso todos os niveis ao programa **E_Dixgal**. Cada alumn@ contará cun computador de uso persoal e utilizaremos a **AULA VIRTUAL** para xestionar a materia.

-Sistema Abalar

-Blog do Departamento de Lingua Castelá e Literatura:
<http://lengualaire.blogspot.com/>

Biblioteca Escolar

Para as actividades ALFIN e como centro de recursos para a lectura utilizaremos a biblioteca do centro, que, como mínimo, estará dotada con cando menos un exemplar dos propostos na constelación literaria que terán un lugar propio e destacado de exposición.

Textos de apoio para as profesoras

- Propostas de programacións didácticas e proxectos curriculares.
- Guías didácticas.
- Guías de lectura.
- Revistas específicas.
- Cadernos monográficos de exercicios.
- Bibliografía adecuada a cada tema, sendo a básica que seguirá as docentes a que segue:

JOVER, Guadalupe: *Hablar, escuchar, conversar: teoría y practica de la conversacion en las aulas*. Editorial Octaedro. Barcelona, 2009.

JOVER, Guadalupe: Un mundo por leer: Educación, adolescentes y literatura. Editorial Octaedro. Barcelona 2007.

JOVER, Guadalupe: Formación de palabras en español. Curiosidad por el lenguaje. Editorial Octaedro. Barcelona 1999.

MORENO, Víctor: Va de poesía. Propuestas para despertar el deseo de leer y escribir poesías. Pamiela. Iruña 2004.

MORENO, Víctor: El deseo de escribir. Pamiela. Iruña 2004.

- Páxinas web con contidos específicos.

Recurso de especial relevancia nesta materia é o das **saídas didácticas**. Para iso programamos, ademais daquelas que podan xurdir ao longo do curso, as seguintes actividades:

- Obradoiro de Poesía: 2º ESO
- I mos ao Cine: asistencia a unha representación cinematográfica 2ºESO
- *I mos ao teatro*: todos os niveis.
- Visita Guiada á Illa de San Simón, 3º ESO, 4º ESO

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Na avaliación dun proceso educativo deben valorarse, ademais dos resultados obtidos polo alumnado, todos e cada un dos elementos que o compoñen, porque a avaliación non só é o punto final do proceso, senón que forma parte do mesmo e pode contribuír decisivamente ao seu proveito se é realmente educativa. É dicir, a avaliación é un elemento máis do complexo proceso de aprender e ensinar, e ha de ser planificado e utilizado de acordo cos outros elementos que o conforman: os obxectivos, os contidos, as actividades e os propios métodos pedagóxicos.

En coherencia con isto, habemos de estar en disposición de ofrecer información sobre o proceso de ensino aprendizaxe dun estudante en calquera momento do proceso mesmo, isto é, en calquera momento do curso, sen necesidade de esperar á realización dunha “proba” que determine de modo categórico cal é o grado de consecución de obxectivos e de desenvolvemento das capacidades dun alumno ou alumna.

Deste xeito, sen esquecer que a cualificación é importante, non poderemos baseala exclusivamente nos resultados obtidos pol@ estudante nunha proba avaliativa global dos seus coñecementos, senón que deberá outorgarse de acordo cos seus avances na aprendizaxe en relación cos obxectivos propostos, avances que haberá que observar día a día.

Esta información servirá, así mesmo, ao profesorado para reflexionar sobre o proceso de ensino que leva a acabo, reconducíndoo se fose necesario, e para orientar, en colaboración cos restantes profesores e profesoras do grupo, a acción tutorial, detectando problemas de aprendizaxe, de actitudes, aportando datos que axuden a un mellor rendemento do grupo, etc.

Fanse así necesarios tres tipos de avaliación, en función do momento en que se realizan:

× **Avaliación inicial ou diagnóstica:** realízase cada vez que se inicia unha nova etapa ou un novo ciclo. Consiste na elaboración dun historial do alumno: capacidades desenvolvidas, coñecementos previos, características específicas que poidan influír no rendemento académico... Ten como finalidade o coñecemento do alumnado e a prevención do fracaso escolar, e orienta ao profesorado en canto ao proceso máis adecuado na práctica docente. É importante evitar a clasificación do alumnado. A avaliación inicial permite, pois, valorar a competencia do alumnado sobre os coñecementos necesarios para iniciar calquera proceso de ensino aprendizaxe.

× **Avaliación formativa ou cualitativa:** valora a progresión d@ alumn@ en relación cos obxectivos e contidos establecidos e lévase a cabo de forma continuada. Supón o seguimento, día a día, da evolución do alumnado e proporciona a información que permite realizar os axustes necesarios dos diversos compoñentes curriculares ao ritmo particular de aprendizaxe.

× **Avaliación sumativa ou cuantitativa:** valora os resultados da aprendizaxe, ao acabar o proceso, para comprobar o grado en que se alcanzaron os obxectivos. A finalidade da avaliación sumativa é determinar o grado de éxito do proceso educativo.

Contemplaremos unha avaliación formativa que se baseará no grao de consecución, en termos de capacidades, dos obxectivos sinalados.

Neste apartado cualificaranse:

- ✓ As tarefas diarias (na aula e na casa)
- ✓ Os traballos demandados. Debe cumprirse o prazo de entrega; de non ser así, baixarase a cualificación.
- ✓ Probas orais. Débese demostrar a capacidade de expresión oral requirida para cada nivel.

Contaremos unha **avaliación sumativa** que se realizará cada trimestre. A avaliación do alumnado, será obxecto de un seguimento continuo e individualizado, así como da avaliación do grupo e da relación entre cada estudante e o conxunto no que se integra. Para a consecución da correspondente cualificación numérica trimestral e anual

(ordinaria):

- Realizaranse probas en cada avaliación, tanto escritas como orais, que recollerán tanto aspectos conceptuais como procedementais. A súa puntuación equivalerá ao 35% da nota.
- Traballo e participación na clase, valorándose o esforzo, realización satisfactoria dos proxectos propostos, presentación do material e realización das actividades de aprendizaxe e reforzo, equivalente ao 35% da nota.
 - As tarefas de Portfolio farán media ponderada cos traballos de proxecto. De non haber proxecto, este traballo terá un valor do 10% da nota de avaliación.
 - Cando o alumnado participe en proxectos de aprendizaxe cooperativa a cualificación individual dos mesmos resultará da media entre a cualificación do produto final e a cualificación do alumnado en traballo cooperativo, segundo as rúbricas correspondentes.
- Lectura de obras literarias: á lectura de tres obras literarias obrigadas corresponderalle un 10% da cualificación.
 - A lectura de obras literarias con carácter voluntario, coa conseguinte realización dun traballo (videorecensión ou booktrailer) subirán a cualificación final até un 0,5 da nota por cada traballo.
- **Anticaderno:** á escrita e entrega do **Anticaderno** corresponderalle un 20% da cualificación na materia. O anticaderno é unha actividade diaria. Comezamos a sesión coa lectura dunha historia, ou o visionado dun vídeo, e a continuación lemos a tarefa do día anterior (partillar a tarefa co grupo será valorado positivamente) e propomos unha nova. Ao finalizar o primeiro trimestre, o alumnado que o desexe pode entregar para cualificación o seu anticaderno, escrito e decorado de maneira autónoma. A actividade é totalmente voluntaria en todos os seus pasos.

Nas **probas escritas** poderase reducir a nota até 1 punto por **erros graves considerados na rúbrica de Expresión Escrita**.

A avaliación final ordinaria será o resultado da progresión da aprendizaxe ao longo dos trimestres, aínda que se poderá ver reforzada por unhas probas finais que midan a adquisición das competencias. Asemade, se o alumno ou alumna non acadase os obxectivos poderanse facer unhas probas de recuperación de contidos para cada trimestre.

A avaliación final extraordinaria, para a que se proporán unha serie de actividades de reforzo relacionados con cada Unidade Didáctica e a adquisición dos contidos da mesma, dependerá dun exame no que se plasmará a aprendizaxe dos contidos mínimos e a consecución dos obxectivos programados, así como a adquisición do grao mínimo establecido nos estándares de aprendizaxe.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é, ante todo, un proceso para obter información, que, unha vez analizada, permita tomar decisións correctas para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe e corrixir aqueles problemas detectados, tanto no progreso do alumnado, como na metodoloxía empregada, nos obxectivos propostos, nos contidos e, até, nos propios criterios de avaliación seleccionados. A avaliación ten que ser útil para o profesorado, pois debe permitirlle coñecer a evolución na aprendizaxe do alumnado, descubrir os posibles problemas e establecer as medidas para corrixilos. Por todo isto, hai que buscar uns instrumentos de avaliación adecuados á metodoloxía empregada na aula, e aos diferentes tipos de contidos, e que, ao mesmo tempo, aporten unha información significativa para @ alumn@ e para a profesora.

Todo iso fai necesario recorrer a uns instrumentos variados, flexibles e abertos que contemplan non só o estado de habilidades do alumno, senón tamén a súa evolución. Estes instrumentos variarán dependendo dos distintos obxectivos que se pretendan traballar:

– Observación sistemática:

A través deste instrumento o profesorado pode avaliar contidos de todo tipo, conceptuais, procedimentais e actitudinais: respecto e participación na clase, traballo en grupo, capacidade de observación e atención, constancia e tenacidade no traballo diario, intervencións na clase, participación en actividades de grupo, expresión oral, interese e curiosidade polos contidos... A recollida de información pódese realizar de diferentes formas, empregando unhas ou outras segundo o tipo de contidos que se traballen: diagramas de observación, diario de clase, escalas de observación...

Con respecto à cualificación final, os negativos (incumprimento de prazos na entrega de tarefas, ausencia de traballo na aula ou na casa, incumprimento reiterado das regras de interacción, intervención e cortesía nos intercambios comunicativos) e positivos (realización de tarefas voluntarias, intervencións resolutivas de conflitos) recollidos no diario de clase restarán e sumarán respectivamente 0´1 puntos na cualificación final do

trimestre.

- Caderno de clase:

É o instrumento de traballo básico do alumnado e polo tanto un documento valioso de avaliación. Nel pódese reflectir o uso de fontes de información, a expresión escrita, a constancia no traballo diario, a orde, a limpeza, a elaboración de esquemas, resumos, mapas conceptuais, a corrección de erros, o uso do dicionario, a ampliación do vocabulario, a ortografía, a presentación... O alumnado debe levalo a clase diariamente e telo sempre dispoñible para a súa revisión.

- Portfolio:

Será un dos instrumentos básicos de avaliación para a aprendizaxe baseada en proxectos: incluírá aquelas tarefas escritas solicitadas a cada alumn@ pola profesora ao longo do curso. O alumnado terá sempre a posibilidade de revisalas e melloralas, incluíndo sempre no [portfolio](#) as diferentes versións de cada tarefa. O portfolio ten como obxectivo principal fomentar no alumnado o interese por mellorar e revisar as súas producións.

- Produtos finais dos proxectos:

A aprendizaxe baseada en proxectos busca a realización dun produto final: una presentación informática, un blog, unha wiki, un mural, un kamishibai, unha videocreación, etc.

- Rúbricas

Para a avaliación de tarefas e produtos, a profesora elaborará rúbricas con descritores de competencias coas que medir a calidade dos traballos. Contamos con tres rúbricas básicas que achegamos en anexo: para a avaliación da expresión escrita, para a avaliación da exposición oral dunha presentación, e para a avaliación do traballo en equipo.

Ademais, para cada un dos proxectos, elaboraremos, EN CONXUNTO CO ALUMNADO, a rúbrica para a revisión do produto final, integrando así o instrumento de avaliación nas tarefas de aula e familiarizando ao alumnado coas técnicas e criterios de avaliación, cousa que facilitará o seu proceso de auto-avaliación.

- Probas escritas:

Son adecuadas, sobre todo, para contidos de carácter conceptual e procedimental. Este tipo de probas poden ser moi variadas, dependendo do tipo de contido que se queira avaliar. Débense buscar probas adecuadas á metodoloxía empregada, que non busquen unha repetición literal dos contidos expostos na aula, senón que supoñan un exercicio de síntese, de comparación, de resolución de problemas,

deanálise... É necesario para @alumn@ que se enfrenta a este tipo de probas exercitar a memorización dos contidos, pero tamén desenvolver outras capacidades como a comprensión e a expresión. Estas probas están especialmente indicadas para a asimilación e comprensión dos contidos específicos da área e para a comprobación das lecturas esixidas, e poderán presentar textos a partir dos que se establezan preguntas que fagan referencia ós contidos desenvolvidos no trimestre, e mesmo preguntas de comprensión lectora: identificación do tema, actitude d@ autor/a, a inferencia textual, resumo, identificación de ideas...

Procuraremos facer, cando menos, unha proba por trimestre, dependendo sempre da evolución dos proxectos documentais.

- Fichas de lectura:

Permiten coñecer a capacidade de análise e comprensión do alumnado e certos contidos de carácter conceptual, procedimental e actitudinal, e favorece o uso da biblioteca. As fichas de lectura poden ser recollidas en formatos diferentes: vídeo-reseña ou booktrailer.

Para a avaliación de lecturas voluntarias, será este o instrumento utilizado, podendo acrescentar a cualificación final con até unha puntuación de 0'5 por vídeo-recensión elaborada.

- Autoavaliación:

O alumnado, como xa comentamos no apartado da rúbrica, pode realizar a súa autoavaliación, ao finalizar cada unidade didáctica e cada trimestre. Unha das actividades das que se poden obter datos reveladores neste sentido pode ser a cumprimentación dun cuestionario no que cada alumno indique o seu grado de satisfacción con respecto ao proceso: se cre que aprendeu suficientemente, que grado de dificultade ten para el a materia, que dificultades atopa ao traballar determinados contidos, cal considera que foi o seu rendemento, cales poderían ser as causas dun rendemento insatisfactorio, se recibiu instrucións claras e completas, que suxestións aporta ou que compromisos fíxase para mellorar aquel, etc. Será utilizada sobre todo para reflexionar sobre os traballos en equipo e o portfolio.

- Outros instrumentos específicos:

Utilizaranse para a valoración doutro tipo de actividades máis específicas encamiñadas ao desenvolvemento de contidos puntuais, sempre dirixidas á consecución dos obxectivos da área e aos obxectivos da etapa.

Todos os instrumentos de avaliación intentan recoller aquelas actividades

encamiñadas ao desenvolvemento integral do alumnado, sen esquecer os contidos de carácter actitudinal, como o interese, o respecto, a solidariedade... e os temas transversais que percorren esta programación. A súa valoración é importante para concederlle o prestixio académico do que gozan outros tipos de contidos, como os conceptuais, que foron case os únicos valorados pola comunidade educativa durante tantos anos. Os contidos actitudinais poderán ser avaliados polo profesorado mediante a observación directa e cotiá, na aula, das actitudes manifestadas por cada alumna ou alumno: o interese que demostre ao esforzarse en corrixir un hábito lingüístico inadecuado, a participación nas diversas actividades de clase, a atención que presta, o respecto cara as demais persoas, etc.

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Para o alumnado de 2ºESO, 3º ESO e 4ºESO coa materia pendente dos anos anteriores propomos a realización de tarefas con tres entregas, coincidentes coas avaliacións trimestrais seguindo caderniños de reforzo da Editorial Casals. Se o alumnado non entrega as tarefas, ou as entregas non acadan os mínimos esixíbeis, poderá presentarse á Proba de Avaliación Final de Materias Pendentes na data que estableza o centro.

REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE REFORZO NO CURSO NO QUE ESTÁN INTEGRADOS

O alumnado recibirá especial seguimento desde a avaliación inicial do curso. Unha vez corroborado o seu baixo nivel de desenvolvemento da competencia lingüística en castelán na avaliación inicial (ou, de non ser así, en calquera outro momento do curso), o alumno recibirá reforzo educativo, consistente na realización de actividades extra (a maiores das que se pon ó resto do grupo) que incidan especialmente nos contidos mínimos esixibles a través de fotocopias de actividades de cadernos de reforzo e repaso en cada nivel (na biblioteca do departamento dispoñemos de material didáctico variado para iso). Ademais, de ser posible polo horario individual dos docentes en cuestión, procurarase estar a disposición do alumnado durante algún recreo para que se lle formulen preguntas, dúbidas ou se lle pida axuda na realización dos exercicios da materia.

Medidas de carácter metodolóxico, co alumnado que presente máis dificultades son as que seguen:

- Facer explicacións individuais unha vez feita a xeral.
- Non entregar nunca unha proba completa: dividila en partes para non bloquear @alumn@.
- Dar apoio visual en exercicios e probas.
- Dividir as probas en dúas partes e realizalas en diferentes sesión.
- Comprobar que @alumn@ comprende as preguntas.

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Desde o comezo do curso e ata dúas ou tres semanas despois, aproximadamente, os docentes adicarán as clases a coñecer o nivel académico inicial dos seu novo alumnado a través de distintos procedementos:

- Intercambios orais co alumnado: seguindo o modelo de pregunta
 - Resposta, diálogos, debates, presentación persoal de cada @alumn@ diante do grupo, comentarios orais e en voz alta sobre un texto lido na aula.
- Observación do traballo do alumnado na aula e da súa calidade.
- Análise e revisión das producións do alumnado:
 - caderno de clase
 - actividades creativas: redaccións, poemas, entrevistas ficticias, murais
 - pequenos traballos sobre fragmentos de textos literarios lidos na aula.
- Proba escrita, específica da avaliación inicial, na que se pregunten cuestións relativas ós contidos mínimos esixibles no curso anterior e que implique a posta en práctica das competencias clave (especialmente as máis relacionadas coa materia de Lingua Castelá e Literatura, como: as competencias lingüística, social, cultural e artística ou de aprender a aprender). Nesa proba figurarán, como modelo recomendable de avaliación, un texto (ou máis) sobre o que se realizarán preguntas de comprensión e localización de información, cuestións de coñecementos lingüísticos (léxico, semántica, sintaxe) e de literatura (sobre algún autor ou obra fundamental da historia da literatura en lingua castelá). A corrección desa proba específica de avaliación inicial non suporá unha nota cuantitativa para o alumno, pero si cualitativa.

Comentaránselle por escrito a cada alumno os conceptos ou procedementos que

debe traballar máis de cara ó curso no que se atopa e, dependendo da gravidade da falta de coñecementos e do rendemento académico nesta materia en cursos anteriores, contemplarase a posibilidade de integrar a determinado alumnado nun programa de reforzo educativo na materia.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON DIFICULTADES NA APRENDIZAXE

O alumnado que presente un baixo grao de desenvolvemento da competencia lingüística en castelán recibirán un reforzo educativo – semellante ó dos alumnos repetidores coa materia de lingua castelá suspensa-, que consistirá en:

- Facilitar semanalmente ó alumnado actividades de repaso e reforzo da materia (a través de fotocopias do material didáctico oportuno ou de fichas de elaboración propia), que incidan especialmente no grao mínimo establecido para a consecución dos estándares.

- Corrixir semanalmente esas actividades e devolvérllas ao alumnado cos comentarios oportunos para que detecte os seus erros e sexa máis consciente do seu proceso de aprendizaxe.

- Se é posible polo horario da docente, procurará estar dispoñíbel durante un recreo á semana para ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de propor dúbidas, preguntas, ou recabar a súa axuda na realización das tarefas da materia.

Entre os obxectivos que se perseguen con ese reforzo figuran:

Obxectivo 1: Comprender discursos orais e escritos.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Deficiente lectura mecánica	*Ler en voz alta, con entonación e ritmo adecuados, textos de extensión reducida.
*Deficiente lectura comprensiva	*Ler textos breves en silencio primeiro e logo en voz alta, para expresar a continuación a idea principal. *Realizar actividades de comprensión previas á lectura e durante a mesma
*Deficiente lectura expresiva	* Ler en voz alta textos poéticos e teatrais, co ritmo, velocidade e entonación que mellor se axusten ao contido.
*Mala pronunciación	*Ler en voz alta textos alleos (poéticos especialmente) e propios. * Realizar breves exposicións orais sobre calquera tema
*Falta de vocabulario	*Facer exercicios de léxico e semántica, especialmente definicións. *Realizar as actividades académicas coa axuda sempre dun dicionario

Obxectivo 2: Utilizar a lingua (oral e escrita) para expresarse de forma coherente e adecuada.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Escaso dominio da ortografía.	*Realizar actividades específicas sobre acentuación, puntuación ou erros ortográficos. *Levar un rexistro persoal de erros ortográficos. *Facer exercicios específicos de lectura, escritura e ditado para a fixación visual das palabras que máis soen causar os seus erros.
*Desorde do discurso.	*Realizar breves exposicións orais e escritas con esquemas previos.
*Incapacidade para adecuar o rexistro lingüístico á situación comunicativa.	*Corrixir, por inadecuadas, as expresións vulgares e de xergas. *Reprimir todo tipo de insultos, tacos e frases malsoantes.
*Dificultade para expresar pensamentos e sentimentos.	*Contar oralmente ou por escrito historietas gráficas mudas. *Continuar os textos lidos, intentando imitar o seu estilo. *Explicar oralmente os textos literarios lidos e os recursos que conteñen. *Propoñer redaccións sobre aspectos cotiáns da súa vida e de carácter introspectivo e persoal.
*Falta de adestramento no uso da linguaxe corporal.	*Propoñer actividades con linguaxes non verbais: xestual, mímico e plástico. *Esixir actitudes e posturas correctas na aula.
*Uso desmedido de "muletillas".	*Corrixir o inicio e o desenvolvemento das conversacións e exposicións orais, para evitar o abuso das muletillas e os silencios que cortan a fluidez do discurso. *Traballar os nexos textuais.

Obxectivo 3: Utilizar a lingua para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Escaso manexo das fontes de información.	*Elaborar traballos sinxelos de investigación, para que vaian afacéndose á correcta utilización das fontes de información.
*Pouco dominio de técnicas de traballo intelectual	*Utilizar continuamente as técnicas esenciais de aprendizaxe: subliñado, esquemas, cadros, resumos, títulos, etc
*Descoñecemento do manexo de dicionarios e enciclopedias.	*Localizar e manexar diversos tipos de dicionarios e enciclopedias na biblioteca do centro. *Realizar actividades e xogos con dicionarios e enciclopedias.
*Descoñecemento da utilización e Internet	*Utilización dos computadores para practicar a xestión de programas básicos e a navegación pola rede.

Obxectivo 4: Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Ignorancia da terminoloxía lingüística esencial	*Ir proporcionándolles un vocabulario dos termos lingüísticos esenciais, definidos con claridade e precisión.

	*Aprendizaxe memorístico dos conceptos gramaticais *Empregar un método inductivo, partindo de realidades lingüísticas concretas, para chegar, por abstracción, ós conceptos
*Rexeitamento da materia de lingua, cando se reduce a pura gramática	*Equilibrar o tempo adicado ó uso da lingua, á gramática, á literatura e á lectura. *Perseguir o obxectivo de coñecer os mecanismos da lingua para mellorar o seu uso.

Obxectivo 5: Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Escaso uso da lectura con finalidade lúdica	*Dispór na aula ou na biblioteca do centro de libros atractivos adecuados á idade e intereses do alumnado. *Explicar aos/ás compañeir@s os libros que máis lle gustaron.
*Rexeitamento das grandes obras da literatura	*Seleccionar fragmentos de textos apropiados á súa idade, capacidades e intereses. *Fomentar a asistencia a representacións teatrais e recitais. * Poñer á súa disposición coleccións e versións adecuadas á súa idade.

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO

Ao longo do curso, nos trimestres nos que está previsto abordar determinados contidos e os seus estándares de aprendizaxe, traballaranse os seguintes elementos transversais vencellados a eles:

Comprensión lectora e expresión oral e escrita:

É unha das bases fundamentadoras da materia. Ten espazo e tarefas específicas en cada un e todos os proxectos de aula. A metodoloxía de traballo escollida (traballo en equipos cooperativos e sesión dialogadas) outorga un protagonismo especial a estes elementos.

O emprendemento:

Incidirase especialmente no espírito emprendedor de personaxes de textos comentados na aula ou propostos como libro de lectura obrigatoria, avaliando positivamente o seu desexo de vivir novas aventuras, aprender novos coñecementos ou participar en proxectos interesantes para o seu futuro persoal e/ou profesional. Novamente, o traballo en equipos cooperativos, artellando proxectos que buscan a consecución dun obxectivo final, un produto, marcan tamén a presenza transversal do emprendemento.

A comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da

comunicación:

Todo o referido a às tecnoloxías da información e a comunicación está recollido nas **aportacións desta materia ao Plan TIC**.

A igualdade efectiva entre homes e mulleres:

As constelacións literarias escollidas traen á aula a reflexión crítica sobre a discriminación de xénero no cónone literario e a construción de roles sexistas. Traballarase co alumnado as connotación sexistas no uso da lingua e fomentarase usos alternativos que visibilicen a muller nos textos.

Prevenición da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia:

O alumnado reflexionará sobre as consecuencias negativas de calquera forma de violencia a través de lecturas que aborden períodos históricos bélicos ou relacións humanas marcadas polo recurso á violencia. Fomentarase, polo tanto, o rexeitamento de todos os procesos violentos na interacción entre persoas e pobos.

Para iso, as constelacións literarias “Somos raras”, “Amores contrariados” e “Tristes guerras tristes” resultan de grande interese, pois pode ser avaliado de maneira crítica e en contrapunto con outras lecturas, o respecto ás identidades individuais en 2ºESO, a violencia de xénero e os mitos do amor romántico en 3ºESO e as consecuencias dos conflitos bélicos na vida das persoas, en 4º ESO.

Educación e seguridade viaria:

A lectura de textos nos que estean moi presentes viaxes ou desprazamentos dos personaxes ao longo da historia permitirá lembrar a importancia dunha boa rede de comunicacións para o desenvolvemento dunha sociedade, pero tamén a necesidade de cumprir as normas de circulación (tanto como condutoras como peóns).

Educación para a convivencia e para a paz:

Traballarase a importancia do diálogo e da palabra para evitar e solucionar conflitos cotiáns, fomentando un ambiente de aula democrático e respectuoso cos dereitos das persoas. A lectura de textos literarios cunha historia que se desenvolve durante unha guerra ou un conflito armado permitirá salientar os beneficios de vivir en paz, promovendo o respecto e a tolerancia como base imprescindible para unha boa convivencia entre individuos e colectividade humanas.

Educación artística:

A lectura dalgúns poemas e fragmentos de obras significativos da historia da literatura en lingua castelá tentará espertar nos alumnos a conciencia e a creatividade artísticas. Buscarase a inteacción con outras artes (pintura, escultura, música, cinema,

etc.) para facilitar o achegamento às mesmas por parte do alumnado.

Educación para o consumo:

O contraste entre as escasas necesidades de consumo de roupa ou comida por parte de personaxes de textos literarios situados en épocas pasadas e o excesivo consumismo na sociedade contemporánea permitirá comprobar aos alumnos o innecesario dalgúns produtos que hoxe se mercan habitualmente.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO

Saída didáctica: Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra: nivel por determinar.

Saída didáctica: Imos ao teatro. Tentaremos organizar unha saída teatral para cada nivel.

Para 2º ESO:

Graffiti e Poesía: Obradoiro de poesía con Dores Tembrás.

Intervención Poética de Rúa. Na vila de Cuntis.

Saída didáctica: Imos ao Teatro

Para 3º ESO

Saída didáctica : Illa de San Simón.

Saída didáctica: Imos ao Teatro

Para 4º ESO

Saída didáctica: Imos ao Teatro.

Saída didáctica : Illa de San Simón.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

POR PARTE DAS DOCENTES

Ao longo do curso e, de maneira especial, despois de cada avaliación, os integrantes do Departamento reuniremonos para comentar os resultados académicos acadados polo noso alumnado e as circunstancias (na aula, no centro, nas familias...) que

condicionaron positiva ou negativamente a súa obtención.

A partir desa análise e posta en común dos docentes, poderanse adoptar decisións relativas a cambios na secuencia temporal dos contidos, nos contidos básicos que se deben reforzar, nas actividades de atención á diversidade que se deben propoñer ou nos criterios de cualificación.

Asemade, tamén contemplamos a posibilidade de realizar enquisas anónimas ós alumnos sobre distintos aspectos da nosa materia e do propio labor educativo dos docentes, no tocante a: qué contidos lles resultan máis ou menos difíciles e por qué, cómo se lles podería motivar máis cara os estudos, se comprenden a explicación recibida da materia, se cren que adican tempo suficiente ó estudo, etc.

Da análise deses datos pódense obter conclusións que aconsellen algúns cambios na programación didáctica sobre a metodoloxía ou a gradación dos contidos.

POR PARTE DO ALUMNADO

O alumnado tamén pode valorar o proceso de ensino-aprendizaxe a través de indicadores como os seguintes:

I. Como traballamos en clase de...? (Resposta a escoller: Moi pouco / Pouco / Algo / Bastante / Moito)

- Entendo á profesora cando explica.
- As explicacións parécenme interesantes.
- As explicacións parécenme amenas.
- A profesora usa outros recursos ademais do libro.
- Pregunto o que non entendo.
- Realizamos tarefas en grupo.
- Utilizamos as novas tecnoloxías na aula.

II. Como son as actividades?

- As preguntas correspóndense coas explicacións.
- As actividades están claras na súa formulación.
- As actividades corríxense en clase.
- As actividades, en xeral, son interesantes e participativas.
- A profesora manda demasiadas actividades.

III. Como é a avaliación?

- As preguntas das probas escritas están claras.
- Aquilo que me preguntan foi explicado en clase.
- Teño tempo suficiente para contestar as preguntas.

- Fago demasiadas probas escritas.
- As notas das probas escritas serven para comprobar o que aprendín.
- As probas escritas, despois de corrixidas, revísanse e compróbanse logo na clase.
- Valórase o meu comportamento na aula, a miña actitude cara á materia e a calidade do meu traballo na casa
- Creo que, en xeral, a valoración do meu traballo é xusta.

14. **CONTRIBUCIÓN A PROXECTO LECTOR**

PLAN ANUAL DE LECTURA.

A configuración do Plan Lector garda relación directa coa proposta metodolóxica para ensinar a literatura. O noso obxectivo será formar lectores e lectoras competentes, entendendo por isto o cumprimento de tres obxectivos:

- ✓ A conformación dun novo tipo de cidadanía inclusiva e cosmopolita, paritaria e democrática.
- ✓ A contribución ao esclarecemento da condición humana, percibindo aquilo que nos fai esencialmente iguais e diversos aos seres humanos.
- ✓ A recuperación da palabra e a imaxinación como instrumentos para a construción da personalidade.

Para lograr estes obxectivos utópicos, é preciso mudar as maneiras de traballar a lectura nas aulas; conseguir facer dela un instrumento para a reflexión, o debate e o pensamento crítico.

Durante o curso 2016-2017 comezamos a introducir nos nosos cursos a metodoloxía das [constelacións literarias](#), comezando en 1º da ESO, en 3º ESO e no resto dos niveis en función das circunstancias concretas de cada grupo. En todo o caso, planificamos as constelacións coa idea de conformar un ciclo global que abarque toda a etapa educativa de secundaria.

Visitas á biblioteca para a realización de actividades de consulta de fondos. En primeiro e serán desenvolvidas actividades de Educación Documental.

As constelacións literarias.

Unha [constelación literaria](#) consiste nunha agrupación de lecturas seguindo un criterio interpretativo, sexa temático, sexa de xénero, que inclúe na selección obras literarias de diferente autoría, épocas e xéneros.

A *constelación literaria* debe atender aos seguintes criterios:

- Que parta d@s adolescentes, incluíndo obras que podan comprender, única maneira de evitar que adquiran xuízos de valor de cuxa elaboración non son partícipes.
- Que se establezan sen acotacións xeográficas: que non inclúan só obras da literatura española.
- Que sexan abertas e flexíbeis, o que quere dicir que unha mesma obra pode pertencer a dúas ou máis constelacións diferentes e permite moitas e diversas aproximacións.
- Que vaian acompañadas da formulación explícita dos criterios de selección das obras.
- Que permitan a lectura en contrapunto con outro tipo de discursos (cine, televisión, videoxogos...).
- Que teñan como finalidade contribuír á urdime interior –cognitiva, estética, moral e afectiva- de quen as contempla.

As Constelacións seleccionadas son as seguintes:

2ºESO: Somos rar@s.

3ºESO: Los amores difíciles

4ºESO: Tristes Guerras tristes.

A secuenciación do traballo é como segue:

- Presentación ao alumnado da constelación: a profesora elaborará *trailers* (ppt, selección de textos) nos que achegarán cada unha das obras seleccionadas ao alumnado.
- Selección da lectura compartida: unha vez presentadas as obras, cada grupo escollerá unha delas como lectura compartida, sobre a cal se traballará, con actividades de diálogo e creación literaria, unha vez por semana. En 1ºESO a lectura compartida será substituída pola interacción oral partindo de mitos gregos e historia da arte. Será escollida unha sesión semanal fixa adicada a escoitar, narrado pola profesora, un mito e comentar, toda a clase, algunha obra artística (pintura, escultura) relacionada co mesmo. Combinaranse así a práctica da oralidade, a educación literaria e a educación artística e estética.
- Selección de lecturas individuais: cada alumno e alumna seleccionará dúas obras da constelación (como mínimo) para lectura individual. É obrigado demostrar a lectura delas nos prazos marcados pola docente para aprobar a materia.

- Lecturas voluntarias: Sobre cada obra será elaborado un traballo de argumentación oral en formato audiovisual para incorporar ao blog da Biblioteca Escolar. Pode ser un booktrailer ou unha vídeo-reseña.

Bibliografía específica:

Jover, Guadalupe: *Un mundo por leer. Educación, Adolescentes y Literatura*. Octaedro. Barcelona 2007.

Jover, Guadalupe (coordinadora): *Constelaciones Literarias. Sentirse raro. Miradas sobre la adolescencia*. Bibliotecas Escolares de la Provincia de Málaga. Boletín de Información de Apoyo. Separata 35. Febrero 2009.

Para o caso de non seguir a proposta das constelacións literarias, serán establecidas as seguintes lecturas, con proba oral ou escrita:

2º ESO:

- El sabueso de Baskerville. Arthur Conan Doyle. Editorial Vicens Vives (puede ser otra más económica). / La Odisea. Las aventuras de Ulises. Editorial Vicens Vives (puede ser otra más económica).
- El mundo perdido, Arthur Conan Doyle. Editorial Vicens Vives (puede ser otra más económica).
- El camino. Miguel Delibes. Cualquier editorial que sea económica.

3º ESO:

- Rebelión en la granja. George Orwell. Cualquier editorial que sea económica.
- La Celestina. Fernando de Rojas. Editorial Casals (texto adaptado)
- El alquimista impaciente. Lorenzo Silva. Cualquier editorial que sea económica.

15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Para o desenvolvemento dos proxectos será imprescindible obter información utilizando as novas tecnoloxías; algún dos produtos finais requirirán o uso de recursos audiovisuais. O blog de aula e o da biblioteca escolar servirán de contedores para os produtos audiovisuais elaborados polo alumnado ou utilizados para a exposición de novos contidos.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación deben ter ampla presenza na clase de lingua, como elemento básico que son de comunicación e información na sociedade actual. As TIC serán abordadas na materia da seguinte maneira:

- Elaboración de traballos de investigación usando como fonte de información formatos dixitais.

- Presentación oral de traballos con apoio audiovisual elaborado polo alumnado: (uso de power-point, movie-maker e outros programas similares).
- Uso dos equipos EDIXGAL e da AULA VIRTUAL correspondente para a realización de tarefas e traballos en grupo e como contedor de recursos.
- Uso como recurso didáctico do blog do Departamento (<http://lenguaalatre.blogspot.com/>), tanto para colocar materiais dirixidos ao alumnado como os elaborados polo mesmo.

16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A mellor contribución da materia a Plan de Convivencia céntrase en dous elementos transversais à mesma:

A metodoloxía escollida: o traballo en base a proxectos e recorrendo a dinámicas de grupo cooperativas favorece o tratamento entre iguais, contribúe a unha mellora do auto-concepto do alumnado e a comprensión de que nun ambiente de traballo colaborativo e non competitivo diminúen os conflitos e aprendemos a xestionalos.

A importancia do diálogo e da palabra para evitar e solucionar conflitos cotiáns, fomentando un ambiente de aula democrático e respectuoso cos dereitos das persoas. Centrar as clases na conversa e no diálogo axuda a desenvolver estratexias para minimizar o dano cando nos comunicamos con outras.

ÁMBITO LINGÜÍSTICO DE 1º ESO

Apartados específicos da materia

ÍNDICE

5. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

5.1. 1º ESO

6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA e PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

6.1 1º ESO

6.2 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

MATERIAIS E RECURSOS.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO

15. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

17. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.	x	x	x	x	x	x	x	x
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.	x	x	x	x	x	x	x	x
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.	x	x	x	x	x	x	x	x
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.		x			x			
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.	x	x	x	x	x	x	x	x
m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.	x	x	x	x	x	x	x	x
n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.	x	x		x	x	x	x	x
ñ) Coñecer e valorar os aspectos	x	x	x	x	x	x	x	x

básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.								
o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.	x	x	x	x	x	x	x	x

6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIÁBEL DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

6.1 1º ESO

Lenda Temporalización	1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación	Todo o curso	
Lenda Instrumentos de Avaliación	Port: Portfolio (a través de rúbrica)	Equi: Traballo en equipos cooperativos (a través de rúbrica)	Ind: Traballo individual (a través de rúbrica)	Esc: Proba Escrita	Ora: Proba Oral

Estándar	Temporalización								Instrumentos de Avaliación					% GLOBAL	Grao Mínimo de Consecución: 50%
	PR O 1	PR O 2	PR O 3	PR O 4	PR O 5	PR O 6	PR O 7	PR O 8	Po rt	Eq ui	In d	Es c	O ra		
LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.	x		x	x	x	x	x	x		x	x		x	4'5	Participa oralmente nas sesións de aula respectando as quendas e utilizando un estilo adecuado.
LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.	x	x	x	x	x	x	x	x		x	x		x	3'8	Intervén en actos comunicativos orais con interese por utilizar

																correctamente a lingua
LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos	X		X		X		X				X	X	X	X	4' 5	Fala con coherencia, claridade e orde expositivas.
LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	X	X	X	X	X	X	X	X			X			X	2	Controla a linguaxe non verbal en calquera acto comunicativo verbal.
LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas	X	X	X		X		X				X	X		X	3' 8	Amosa interese por mellorar a produción oral propia.
LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais.			X	X			X	X			X	X		X	4' 5	Realiza presentacións orais.
LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.						X	X	X			X	X		X	2' 5	Pode improvisar intervencións comunicativas orais que teñan sentido.
LCLB2.1.1. Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X				X	X	2	Distingue entre a idea principal e as ideas secundarias dun texto.
LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	4	Entende o sentido global de instrucións escritas de certa complexidade
LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.			X	X	X	X	X	X	X		X	X	X	X	2	Explica a información principal dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc
LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			3' 4	Aproveita intelectual e lingüisticamente a información recadada a través de diversas fontes de información.
LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	4' 5	Traballa con dicionarios impresos cando atopa algunha dificultade de comprensión ou expresión semántica.
LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	X	X	X	X	X	X	X	X			X	X			3' 8	Coñece a biblioteca escolar e fai un uso autónomo dela.
LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			4' 5	Fai un esquema e escribe un borrador previamente aos seus escritos.
LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.			X			X			X	X		X			4	Incorpora a portfolio os textos de elaboración propia solicitados.
LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			4	Incorpora a portfolio os textos de elaboración propia solicitados.

LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	3' 4	Realiza esquemas e explica o significado de posibles elementos visuais nos textos.
LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	2	Recoñece nos textos as seguintes categorías gramaticais: substantivo, determinante, adxectivo, verbo, adverbio e preposición.
LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	4	Procura mellorar a ortografía e a corrección gramatical dos propios textos.
LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	3	Coñece as formas verbais e procura utilizalas correctamente.
LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	3	Utiliza diversas fontes de consulta con aproveitamento no seu propio uso da lingua.
LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	3' 4	Recoñece os principais conectores e as substitucións pronominais nos textos.
LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	3' 4	Distingue contidos subxectivos dos obxectivos e identifica os distintos tipos de textos segundo a súa intención comunicativa.
LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	3' 8	Participa en proxectos cun uso transversal das linguas e adopta unha actitude crítica cara a estereotipos culturais e lingüísticos.
LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	2	Valora positivamente a diversidade lingüística en xeral
LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	1	Procura relacionar contidos e destrezas propios da materia de Lingua Castelá con outros das diversas linguas que estuda.
LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	3	Le catro obras literarias axeitadas á

autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.														súa capacidade leitora	
LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras	X		X								X		X	3	Intervén na clase para expoñer as súas impresións sobre calquera lectura feita.
LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.	X				X		X	X	X		X			2	Amosa interese por transmitir correctamente sentimentos e emocións.
LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa.	X	X	X	X	X	X	X	X	X				X	3' 8	Redacta textos persoais de intención literaria.
LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	X	X	X	X	X	X	X	X	X					2	Valora a escritura como un medio eficaz para analizar e transmitir sentimentos (alleos ou propios).
LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).	X	X	X		X				X		X	X	X		Explica a intención comunicativa de textos orais sinxelos
LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	X	X	X		X				X		X	X	X		Elabora resumos de textos/discursos dados.
LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	X	X	X	X	X	X	X	X			X	X	X		Distingue entre a idea principal e as ideas secundarias dun texto.
LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		Entende o sentido global das instrucións.
LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		Participa oralmente nas sesións de aula respectando as quendas e utilizando un estilo adecuado.
LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	X	X	X	X	X	X	X	X			X		X		Controla a linguaxe non verbal en calquera acto comunicativo verbal.
LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.	X	X	X		X	X	X					X	X		Recoñece a intención comunicativa e as ideas principais de programas informativos.
LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.				X	X	X	X			X		X	X		Identifica e contrasta o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación.
LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		Identifica prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			Aplica, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas
LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			Elabora presentacións dixitais
LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, reconece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		X	Amosa interese por mellorar a produción oral propia.
LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.	X	X	X	X	X	X	X	X					X	Utiliza a súa variedade dialectal e respecta a dxs compañeirxs.
LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	X	X	X	X	X	X	X	X					X	Utiliza a súa variedade dialectal e respecta a dxs compañeirxs.
LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X		X	Intervén en actos comunicativos orais con interese por utilizar correctamente a lingua
LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			X	Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada
LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			X	Usa refráns, ditos, frases feitas e aplicaos adecuadamente ao contexto.
LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	X	X	X	X	X	X	X	X					X	Mostra interese por mellorar o seu vocabulario
LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.	X	X								X			X	Participa oralmente nas sesións de aula respectando as quendas e utilizando un estilo adecuado.
LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	X	X								X				Participa activamente en situacións propias do ámbito educativo (pide aclaracións, intercambia opinións e expón conclusións).
LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	X	X	X								X		X	Fai presentacións orais.
LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao	X	X	X				X	X	X	X	X		X	Controla a linguaxe non verbal en calquera acto comunicativo verbal.

auditorio con autoconfianza e seguridade														
LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X		X	Fala alto, claro e a velocidade adecuada.
LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X		X	Mostra interese por mellorar as súas producións
LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	X	X	X				X	X		X	X		X	Identifica as características do discurso espontáneo e do formal.
LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e interferencias) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			Mostra interese por mellorar as súas producións
LGB1.10.1. Participa en conversacións informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	X	X	X	X	X	X	X	X					X	Produce discursos breves sobre a vida cotiá e social
LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			Pide información por diversos medios para elaborar as súas producións
LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X			Utiliza as técnicas de subliñado, esquemas e resumo.
LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		Identifica o emisor dun texto
LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X	X		Realiza esquemas de textos dados
LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.	X	X	X	X	X	X	X	X						Utiliza o dicionario para revisar e mellorar as súas producións.
LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.).	X	X	X	X	X	X	X	X				X	X	Explica o significado de símbolos e iconas
LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X			Utiliza fontes documentais para os seus traballos de aula.
LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X	X			X	X	Opina razonadamente sobre as lecturas feitas na aula.
LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X			Aplica normas e instrucións de uso recibidas dixitalmente.

correo electrónico, normas e instrucións de uso.																		
LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Explica o contido de textos expositivos e narrativos.
LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Utiliza de maneira cotía, dicionarios e webs educativas.
LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Realiza as tarefas segundo as instrucións dadas.
LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					É usuariu habitual da biblioteca escolar
LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Opina criticamente sobre as atitudes discriminatorias.
LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Usa a lingua de maneira adecuada ao contexto.
LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.
LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.
LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Realiza gravacións de voz
LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Fai rascuños previos das súas producións.
LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Usa a lingua de maneira adecuada ao contexto.
LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Recoñece os principais conectores e as substitucións pronominais nos textos.
LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Organiza os textos en parágrafos debidamente puntuados

organización das ideas expresadas).																		
LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X						Revisa as súas producións.
LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X						Escribe notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
■ LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.			X			X												Escribe textos xornalísticos (moticia)
LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.			X			X				X	X	X						Le o xornal.
LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Escribe textos narrativos, descritivos, e expositivos.
LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X						Escribe textos narrativos, descritivos, e expositivos.
LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X						Utiliza de maneira cotiá o procesador de textos para as súas producións.
LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X						Emprega os correctores ortográficos
LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X						Revisa as súas producións.
LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X						Aproveita as correccións para mellorar as súas producións.
■ LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X					Incorpora vocabulario novo ás súas producións.
LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	X	X	X	X	X	X	X	X			X	X	X					Utiliza a prosodia do galego.
LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	X	X	X	X	X	X	X	X				X	X					Recoñece o substantivo, o adxectivo, o verbo e o adverbio.

LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Escrebe textos que cumpren as normas ortográficas.
LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Revisa e mellora as súas producións
LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Revisa e mellora a puntuación das súas producións.
LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.			X			X			X	X	X	X	Aplica as normas de concordancia aos seus textos.
LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Escrebe textos cohesionados.
LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Utiliza os principais conectores.
LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Aplica as normas de concordancia aos seus textos.
LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.					X	X						X	Recoñece suxeito, predicado, e complementos directo e indirecto.
LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.			X				X	X	X	X	X	X	Identifica a modalidade enunciativa dos enunciados.
LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Revisa as súas producións
LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Participa nos proxectos documentais propostos na materia.
LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Contrasta e compara as linguas da materia.
LGB4.1.1. Valora a lingua como	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Coñece a tradición oral e humorística da

instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.																					literatura galega.
LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X									Identifica as linguas que se falan en Galicia.
LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.		X			X																Identifica os territorios que forman parte da comunidade lusófona
LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.		X	X	X																	Accede a recursos de lecer en rede en galego
LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado.		X			X																Recoñece características do conflito lingüístico na Galiza
LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos.		X			X																Identifica antropónimos galegos
LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X									Esfórzase por utilizar máis e mellor a lingua galega.
LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X									Respecta os dereitos lingüísticos dxs compañeirxs e defende os propios.
LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X									Identifica prexuízos lingüísticos.
LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X									Recoñece elementos doutras variantes do galego.
LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	X	X	X	X	X	X	X	X		X											Usa a súa variedade dialectal
LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.					X															X	Identifica trazos das dos diferentes bloques dialectais do galego.
LGLB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	X	X																		X	Le cinco obras literarias da constelación marcada.

LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.	X	X	X	X	X	X	X	X				X	X	Identifica as diferenzas e similitudes entre un texto literario e un non literario.
LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Identifica características dos tres grandes xéneros literarios.
LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X		X	Fai unha crítica literaria razonada dun texto literario.
LGLB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e reconece a funcionalidade dos elementos formais básicos.	X	X	X	X	X	X	X	X				X	X	Identifica os elementos básicos dun texto narrativo.
LGLB5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	X						X							Identifica as principais características do xénero dramático.
LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	Elabora as súas producións literarias servíndose de modelos.
LGLB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definatorios básicos do cómic como linguaxe artística.		X			X				X	X	X			Produce unha banda deseñada.
LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definatorios.		X			X				X	X	X	X		Identifica os trazos da banda deseñada
LGLB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definatorios básicos da canción como linguaxe artística.		X					X	X	X	X	X			Produce unha canción
LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definatorios.		X					X						X	Identifica os trazos da canción
LGLB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			Utiliza de maneira cotiá a biblioteca escolar.

6.2. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Lingua e sociedade

A intención de crear determinadas actitudes respecto das linguas e das persoas

que as falan é unha responsabilidade que debe ser compartida por todo o profesorado, e moi especialmente, polo das áreas de linguas:

- Ecolingüística: valoración das linguas non pola súa utilidade económica ou política, senón como elementos de riqueza e identidade cultural. Cuestionamento de criterios como cantidade de falantes, usos específicos, utilidades laborais, etc, para ser substituídos polo concepto de diversidade e variedade inherentes á condición humana.

- Valoración das linguas como instrumentos cognitivos, medios de comunicación privilexiados e elementos configuradores da identidade persoal e colectiva.

- Necesidade e interese por comunicarse.

- Valoración positiva da pluralidade lingüística.

A realidade lingüística en Galicia fai especialmente importante a tarefa do profesorado de promover determinadas actitudes, como o aprecio por conseguir unha competencia lingüística nas dúas linguas da Comunidade. Trátase de educar no respecto e a tolerancia cara a distintas opcións non coincidentes coa propia.

Outros aspectos importantes son a análise das interferencias entre castelán e galego, ou o estudo dos diferentes usos sociais da lingua.

Lingua oral

A aprendizaxe da competencia comunicativa na lingua oral basearase en dous tipos de actividades: por unha banda, na reflexión sobre mensaxes emitidas en procesos de comunicación reais, e doutra banda, na produción de textos orais de distinta natureza.

Na reflexión sobre a lingua oral veranse as diferenzas entre o oral espontáneo e o planificado, e tamén entre as formas de comunicación oral de carácter dual ou plural e singulares.

Na produción de textos orais insistirase naqueles tipos de discurso que veñen esixidos polas necesidades sociais ou culturais do alumnado destas idades. Mención particular merecen aquelas formas de comunicación oral que son predominantes na práctica didáctica de distintas disciplinas (resumos, exposición de temas...) ou na vida do grupo (exposicións, argumentacións, debates...). Na construción destes discursos insistirase na planificación previa, na estruturación, na corrección gramatical e na propiedade léxica dos mesmos.

Na análise de textos orais traballarase as capacidades de síntese, resumo, captación de ideas principais, selección do importante fronte ao accesorio... Para ir logrando a competencia crecente na comunicación oral, será necesario empregar gradualmente diversas estratexias: conversación, recitación, dramatización, exposición, debate...

Intentarase que normalmente as actividades de comunicación oral estean estreitamente relacionadas coa realidade afectiva e social do alumnado. En calquera caso, estas actividades han de fomentar:

- A adecuación da mensaxe á función correspondente (argumentar, expoñer, narrar...)
- A ordenación das ideas e o énfase nas que sexan claves.
- Como oíntes: prestar atención, respectar as ideas dos demais, preguntar cando non se entende, etc.
- A regulación do ton de voz e a vocalización adecuada.
- A lectura expresiva, a recitación, a dramatización.
- O desenvolvemento da espontaneidade, sinxeleza e fluidez.
- O manexo áxil e solto en diferentes actuacións (conferencia, discurso, coloquio, debate...).
- A improvisación.
- A posibilidade de evitar as frases feitas, muletillas, etc.
- O uso do rexistro adecuado a cada situación.
- A posibilidade de captar os erros doutras falantes (con especial atención aos medios de comunicación social) e analizalos.
- O emprego consciente dos recursos para-verbais na interacción conversacional.

A ensinante debe estar atenta para sinalar as contradicións, pedir que se precisen as ambigüidades e vaguidades, lograr que todo o alumnado participe e corrixir incorreccións e erros de coherencia e propiedade. Un dos obxectivos é lograr que o alumnado se exprese con responsabilidade, mantendo unha actitude relaxada e xestos mesurados, intentando comprenderse entre si sen querer impoñer sempre as súas opinións.

Para terminar, atenderase nas actividades orais á existencia de diversos rexistros no seo da mesma lingua. A formulación do mesmo contido informativo en rexistros variados (coloquial, científico, estándar...) pode ser unha práctica motivadora. Así mesmo farase fincapé na produción e análise de textos orais relacionados con formas elocutivas da comunicación: descrición e narración.

Lingua escrita

O traballo sobre a lingua escrita basearase en dous tipos de actividades

interdependentes e complementarias: a comprensión e a expresión, a análise e a produción de textos escritos de diferentes tipos.

O eixo sobre o que virará este labor será o texto nas súas distintas manifestacións: textos diversos utilizados na vida cotiá (cartas, apuntes, diarios...), textos propios dos medios de comunicación de masas, das relacións coa administración, textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, instrutivos...

Para a interpretación e a análise de textos escritos débense practicar estratexias que axuden a captar o significado, talles como: extraer o significado global, sintetizar o tema, enumerar as ideas esenciais, establecer relacións entre as ideas, identificar a progresión temática, esquematizar, recoñecer a estrutura propia do tipo de texto, reformular o contido...

A análise dos textos escritos debe facilitar o desenvolvemento do espírito crítico e analítico do alumnado: detrás do efectivamente escrito intentárase captar a intención do emisor, as suposicións nas que se funda e a estratexia comunicativa adoptada por este; así mesmo, percibirase a concepción do mundo reflectida nos textos, así como os estereotipos e as ideas subxacentes.

Na produción de textos escritos débese insistir no dominio das operacións que hai que realizar para crealos:

- A planificación do texto de acordo coa intención comunicativa, co contexto, co tema, coa organización dos contidos e co tipo de texto. Isto esixe unha serie de decisións sobre obxectivos, tipoloxía textual, rexistro lingüístico, extensión... ; tamén require investigación sobre o contido, para a que se deben poñer en práctica técnicas de documentación e técnicas auxiliares como o resumo, a toma de notas, fichas...

- A lexibilidade e a presentación clara e ordenada (limpeza, caligrafía, marxes, títulos, parágrafos, espazos entre liñas, sangrías...).

- A ortografía e a puntuación.

- A organización interna lóxica, clara, ordenada e coherente do discurso.

- A corrección gramatical e o uso de estruturas cohesivas e nexos, oracionais e supra-oracionais, adecuados.

- O léxico apropiado, preciso e non repetitivo.

O profesorado non debe ser o corrector exclusivo das producións escritas elaboradas polo alumnado; ha de facilitarlle gradualmente as normas, os recursos e a metodoloxía apropiadas para levar a cabo a propia auto-avaliación, e a co-avaliación co resto de compañeir@s. Para facilitar esta cuestión, o uso de rúbricas é moi adecuado.

Algúns destes aspectos -especialmente os referidos á presentación, ortografía, propiedade e corrección- deben ser asumidos por todo o equipo de profesorado.

A lingua como obxecto de reflexión

A reflexión sobre a estrutura da lingua debe acompañarse á aprendizaxe do seu uso adecuado, á vez que se avanza no dominio de competencia comunicativa. Hai que ofrecer ao alumnado aqueles puntos de vista, conceptos e termos que lles permitan percibir fenómenos, regularidades e estruturas, así como fórmulas e regras.

A reflexión gramatical débese practicar ao fío das actividades de observación, análise, comparación, interpretación, investigación, comentario de textos e produción,. Con todo, como todo traballo gramatical debe ser algo sistemático, débese conxugar a reflexión sobre textos reais coa análise de pasaxes especialmente seleccionados para determinadas finalidades. Desaconséllanse exercicios mecánicos, sen sentido para o alumnado, xa que a gramática é instrumental e o obxectivo do seu dominio consiste en que os alumnos usen conscientemente e mellor os mecanismos da lingua, polo que nunca deben perderse de vista os valores semánticos, pragmáticos e, até, literarios.

Pódense distinguir os seguintes eixos nucleares :

- Sobre a relación do texto co contexto.
- Sobre estruturación de textos: tipos.
- Sobre construción e conexión de oracións: representación de unidades gramaticais, uso de organizadores e conectores, elementos de concordancia...
- Sobre procedementos para manter a continuidade do sentido: pronominalización, substitución léxica, elipses...
- Sobre procedementos de progresión temática: orde das palabras, repeticións, exemplificacións...
- Sobre métodos de formación de palabras: Composición, derivación, parasíntese, acronimia
- Sobre corrección gramatical de cada un dos planos lingüísticos.
- Sobre a ortografía e ortoloxía: da palabra, da oración, do discurso.
- Sobre localización de campos semánticos, fenómenos como: polisemia, sinonimia, antonimia, valores connotativos...
- Sobre as fontes léxicas da lingua: palabras patrimoniais, semicultismos, cultismos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos...
- Sobre os usos discriminatorios da lingua.

Convén practicar actividades de observación e comparación de unidades lingüísticas e textos, así como operacións de produción de unidades lingüísticas a partir dun esquema dado.

A reflexión sobre a lingua debe encamiñarse tamén, segundo indicamos, á mellora da competencia léxico-semántica, tanto no plano cuantitativo como no cualitativo. Preténdese que o alumnado incremente o léxico coñecido, actualice o vocabulario pasivo e se habitúe a usar as palabras con precisión e adecuación.

O alumnado alternará equilibradamente a determinación contextual do significado coa consulta minuciosa do dicionario. Para iso debe manexar con facilidade dicionarios de diverso tipo, interpretando adecuadamente as convencións dos mesmos.

Entre as moitas actividades relacionadas co dominio léxico-semántico poden citarse as seguintes: substitucións sinonímicas, procura de opostos, construción de definicións, composición e derivación de palabras, identificación e produción de campos léxicos e semánticos, transformación dun texto modificando o seu nivel léxico, substitucións léxicas atendendo a criterios estilísticos, retóricos e comunicativos, aplicación de campos semánticos na elaboración de descrições...

A lectura é tamén a base para a adquisición de vocabulario, por iso prográmase un amplo abanico de lecturas (textos completos ou fragmentos) que vaian, gradualmente, aumentando o caudal léxico do alumnado.

As convencións ortográficas serán tamén obxecto de reflexión, procurando concienciar ao alumnado da necesidade de vixiar a corrección ortográfica á hora da produción de textos. Para este feito son adecuadas unha ampla gama de estratexias que, dunha forma racional, comprensiva e amena, vaian afianzando no alumnado as normas ortográficas: o diario de ortografía, a auto corrección, a corrección de textos alleos, exercicios específicos... e, está claro, a lectura. Este aspecto ortográfico, para unha maior eficacia, debese ser asumido por todo o equipo docente.

En fin, segundo se sinalou xa noutros lugares desta programación, convén seguir un enfoque concreto e coherente de análise gramatical e unha mesma terminoloxía en todos os cursos da E.S.O., e que ambos sexan asumidos polos distintos departamentos de Lingua e Literatura, de modo que se eviten confusións ao alumnado e se simplifique a súa aprendizaxe metalingüística.

A lingua literaria

A sociedade actual, excesivamente pragmática e utilitaria, valora pouco os usos da linguaxe non convencionais, desinteresados, lúdicos, destinados ao goce. Con todo, a

realidade é que a linguaxe non só serve para intercambiar información; as obras literarias ofrécennos modelos para a propia escritura, fomentan o hábito da lectura, amplían os esquemas verbais enriquecen o léxico, abren a outras opinións, orientan sobre temas novos, transforman a función lingüística mecánica en expresión persoal, colaboran na mellor comprensión da cultura propia e allea, axudan á elaboración do pensamento, fomentan a fantasía, agudizan a visión crítica, desenvolven o gusto estético e introducen en coñecementos metalingüísticos e extralingüísticos.

Na aprendizaxe da literatura, como sistema complexo que é, debemos facer fincapé nos seguintes aspectos:

- Educar a sensibilidade para comprender o mundo que nos rodea a través da lectura literaria.
- Profundar na función poética da lingua.
- Desenvolver a capacidade creativa e a valoración estética.

Nesta etapa educativa é importante que o alumnado comece o seu coñecemento da literatura por medio dunha lectura comprensiva e interiorizada dos textos. Esta lectura debe profundar no que o autor quere dicir e no xeito que o di. Para enriquecernos coa lectura, esta debe ser activa e creativa; require a inter-relación de diversas operacións mentais, xa que é un acto de coñecemento no que se estruturan distintos mundos, relacionados tanto co emisor como co receptor. O carácter pluri-significativo da obra literaria é un estímulo de singular eficacia no desenvolvemento intelectual e cognitivo da persoa.

En coherencia co exposto, o noso enfoque será sobre todo de carácter dedutivo. Aínda que na súa función propedéutica o profesorado tamén realizará exposicións teóricas no aula, han de prevalecer aspectos relacionados, sobre todo, coa investigación, comprensión, análise e reflexión. O ensino da literatura non pode converterse nunha memorización de nomes, obras e datas, senón que a aprendizaxe debe constituír unha experiencia vital.

O traballo de investigación partirá da lectura comprensiva e reflexiva dos textos. O alumno interpretará estes de xeito analítico e extraerá as características propias de cada xénero proposto. Afondará na función poética da linguaxe e adquirirá novas habilidades lingüísticas.

A través da lectura de textos literarios o alumno aumentará a súa sensibilidade estética. Comprenderá que a literatura é unha forma de expresar sentimentos e concepcións da realidade, que poden ser íntimos ou subxectivos, pero que poden tamén

responder á visión do mundo dunha colectividade nun momento determinado.

A lingua e os medios de comunicación

Co ensino sobre os medios de comunicación social trátase de promover no alumnado as actitudes e habilidades que o faga usuario racional dos medios de comunicación, receptor crítico das mensaxes informativas, publicitarias e propagandísticas de toda índole. Este traballo de formación -destinado a prever os riscos de alienación consumista e manipulación ideolóxica- constitúe unha responsabilidade claramente interdisciplinaria. Non resulta conveniente considerar os distintos medios de comunicación de masas como rivais extra-escolares. Parece mellor tender unha ponte, reflexiva e práctica, entre o que ofrecen estes medios e as aprendizaxes que se adquiren nas aulas.

Os textos extraídos dos medios de comunicación permiten analizar a interferencia entre os códigos verbais e non verbais no caso da prensa, a publicidade, o cine, ou a televisión.

Á marxe do modo de utilizar a lingua propia dos medios de comunicación, será preciso atender ás peculiaridades do código de cada un destes medios así como á análise das mensaxes propagandísticas e publicitarias, descifrando os métodos e estratexias usadas para provocar hábitos consumistas e de encubrimento da realidade. Debemos recordar que o adolescente é un consumidor ávido de mensaxes audiovisuais e, a miúdo, carece da capacidade necesaria de distanciamento reflexivo. Neste sentido é conveniente practicar a lectura de imaxes publicitarias para logo extraer as posibles mensaxes implícitas de carácter manipulador e afianzar o espírito crítico .

Especial atención merece -sobre todo nun ámbito con pouca tendencia á lectura- a prensa periódica, coa súa variedade de tipos de texto e estilos de linguaxe, así como co seu peculiar código.

A construción de modelos escolares destes medios será un método importante para afondar no coñecemento de diversos contidos: a elaboración de noticias ou entrevistas, a produción de textos publicitarios, etc., xerarán actividades variadas e motivadoras.

O traballo sobre os medios de comunicación permite ademais a observación de fenómenos relacionados coa socioloxía das linguas: emprego dunha ou outra lingua, interferencias lingüísticas...

Estratexias metodolóxicas.

A mellor maneira de enxertar na programación de aula toda esta variedade de achegamentos á lingua é integrando a **construción de textos**, tal e como explicamos na presentación [A construír textos \(pequenos grandes proxectos\)](#), na **aprendizaxe baseada en proxectos**, que podemos encontrar formulada teoricamente na wiki [Proyectosparaaprender](#).

Partindo desta metodoloxía de traballo, faremos unha tentativa de integrar todos os contidos en función de **proxectos textuais** que o alumnado debe construír, de maneira que fagamos un achegamento a todas as modalidades da competencia lingüística: interaccionar, falar, escoitar, escribir e ler. Ademais, na organización de cada proxecto reforzaremos a interiorización por parte do alumnado das fases de elaboración de calquera produto textual: planificación, produción e revisión, así como o uso de borradores, esquemas previos, avaliacións intermedias, etc.

O recurso a **dinámicas de traballo cooperativo** favorecerá a aprendizaxe de todos os contidos relacionados coa **interacción oral**, así como a utilización da conversa e o diálogo como base do achegamento aos diferentes proxectos.

As Profesoras do Departamento participan no **Plan de Formación Permanente en Centros** que organiza o centro, polo que toda a programación de aula pode ser submetida a modificacións en función das prácticas en aula relacionadas co programa formativo.

Seguindo esta proposta, o curso 21-22 foi estruturado en base a proxectos documentais. Debemos ter en conta a receptibilidade do alumnado para a implantación deste sistema metodolóxico, que será adaptado e modificado en función dos contextos de aula que encontren, a coordinación coa profesora do **Ámbito Socio-Artístico** e do desenvolvemento do PDI do centro ***A Viaxe de Magalhaes e Elcano: Unha volta ao mundo sustentábel***:

1º ESO:

Proxecto 1: De viaxe. Mitos e aventuras.

Este proxecto é transversal, pola súa singularidade, a todos os demais. É o proxecto que acolle e vehicula o Plan Anual de Lectura da materia: na primeira parte do ano consiste na narración oral de mitos grecolatinos e sesión dialogada sobre obras de arte asociadas a eles; na segunda parte do ano, consiste na descrición de espazos fantásticos e maravillosos e sesión dialogada sobre cartografías asociadas a eles. Este

proxecto atravesará todos os outros pois ten unha temporalización anual, cunha das oito sesións semanais dedicada. Desta maneira, ao longo do curso imos introducindo e incrementando contidos como: *O mito e a lenda. As técnicas narrativas, orais e escritas. A caracterización das personaxes. Mitoloxía grecolatina e do mundo. Historia da cartografía. Astronomía. Comentario de obras artísticas. Lectura de obras literarias. Busca de información. Toma de notas e elaboración de apuntamentos.*

Na parte final do curso elaboraremos un Atlas de Lugares Imaxinarios que recolla as xeografía literarias recorridas ao longo do ano. Incluiremos contidos como *As partes do libro. Autoría e anonimato. O glosario. O índice. A bibliografía.*

Proxecto 2: Caderno de viaxe

Este proxecto é transversal, pola súa singularidade, a todos os demais. É o proxecto que acolle e vehicula a práctica de Escrita Literaria da materia: consiste na elaboración dun caderno persoal que conteña producións propias do alumnado. Cada día a profesora fará unha proposta de escrita na aula, que pode ir acompañada dun modelo previo (un relato, un poema, un fragmento audiovisual, etc.). O alumnado elaborará o seu texto, que pode partillar co grupo no día seguinte.

O caderno funcionará como *portfolio* da materia, pois pode ser entregado ao final de cada trimestre para a súa revisión e cualificación.

Ao longo do curso imos introducindo e incrementando contidos como: *tipoloxías textuais: o conto, o poema, a descrición, as instrucións, o texto argumentativo, recursos estilísticos, normas ortográficas, etc.*

Proxecto 3: Somos expertxs.

O produto final deste proxecto é realización dunha **EXPOSICIÓN ORAL** sobre un tema que interese ao alumnado. Dentro do proxecto serán tratados contidos como *O texto expositivo e as súas características. A conferencia e as súas características. A retórica e os seus recursos. Conectores expositivos e organizadores do discurso.*

Proxecto 4: A vida secreta das mulleres planta.

O produto final deste proxecto consistirá na elaboración dun **BESTIARIO/HERBARIO** de animais/plantas fantásticos, inspirado nunhas das personaxes do libro de lectura de aula, *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, de Leticia Costas. Dentro do proxecto serán tratados contidos como *O texto descritivo.*

Léxico de flora e fauna. O Adxectivo e a gradación. Estruturas comparativas. Descrición científica e descrición subxectiva.

Proxecto 5: O planeta imaxinario.

Por equipos cooperativos, recollendo a idea executada no Proxecto do Museo: (<https://bibliocuntis.blogspot.com/2019/07/moito-traballamos-parte-3.html>) crearmos e elaborarmos o noso planeta imaxinario, ao que iremos incorporando os coñecementos adquiridos nos ámbitos: facer o mapa, a maqueta, elaborar a guía de viaxes sobre o planeta, inventar unha narración de aventuras incorporada a ese planeta, etc...

Proxecto 6: Con palabras aprendemos o mundo

O produto final deste proxecto é a elaboración dun **GLOSARIO**, é dicir, un dicionario específico, neste caso de termos relacionados coa Volta ao Mundo. Dentro deste proxecto trataremos contidos como *A definición. Hiperonimia e Hiponimia. Etimoloxía. O Uso de dicionarios. Clases de Palabras. A formación de palabras. A metáfora e o símil.*

Proxecto 7: Sombra aquí, sombra alá

O produto final deste proxecto é a produción e representación dun texto teatral, seguindo a técnica do **TEATRO DE SOMBRAS**. O obxectivo final é representar as obras para as compañeiras de nivel e organizar unha función. Trataremos, desta maneira, contidos como: *O diálogo. A estrutura dramática. A arte escénica. O resumo. O folleto informativo.*

Proxecto 8: Metaforo e Comparatia.

O produto final deste proxecto consistirá no deseño, edición e publicación dun **VIDEOPOEMA**. Traballaremos así contidos como: *O xénero lírico. Denotación e Connotación. A Comparación e a metáfora. O ritmo. A elaboración de materiais multimedia.*

Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Un dos obxectivos do traballo por tarefas e en base a proxectos é que as producións do alumnado sexan os materiais de base para o traballo da materia, ou, doutra

maneira, que a centralidade da materia estea nas súas producións e non en producións alleas. De aí nace a renuncia a utilizar libro de texto, de maneira que calquera documento necesario para a adquisición de coñecementos naza das necesidades e esixencias concretas do grupo e da pesquisa e das actividades ALFIN co alumnado.

En todo o caso, os materiais e recursos de carácter xeral que utilizaremos ao longo do curso serán os seguintes:

Selección de lecturas

- Dossieres teóricos: como non utilizaremos libro de texto, poderemos contar con apuntamentos e esquemas explicativos dos diferentes contidos.

- Libros completos, adecuados á idade e intereses do alumnado: lectura obrigatoria de cinco por ano.

- Antoloxías de textos seleccionados: completos (relato, poesía) ou fragmentos.

Caderno de clase

Reflexo do esforzo, dos hábitos de estudo e do estilo de aprendizaxe dos alumnos, constitúe un medio de avaliación de importancia, segundo xa se sinalou no lugar oportuno.

Materiais audiovisuais

Vídeos adecuados ao tema que se estea tratando, audicións de recitais de poesía ou de poemas musicados por autores contemporáneos, documentais, películas, seriais televisivos, curtametraxes, reportaxes, etc.

Xornais, revistas, cómics...

Recompilacións de exercicios de carácter específico

De revisión de temas, de ortografía, puntuación, corrección gramatical, relacións supra-oracionais...

Dicionarios

O alumnado ha de dispoñer dun na súa casa, adaptado ás súas necesidades. Haberá tamén un dicionario permanentemente na aula, para o seu emprego cotiá. Intentarase que os alumnos se familiaricen con diversos tipos de dicionarios (ideolóxico, etimolóxico, de sinónimos e antónimos, etc...).

TICS

- 1ºESO está incorporado curso ao programa **E_Dixgal**. O alumnado xa contaba con este programa no 3º Ciclo de EP, polo que xa ten hábitos de traballo adquiridos que só temos que fortalecer. Cada alumn@ contará cun computador de uso persoal e

utilizaremos a **AULA VIRTUAL** para xestionar a materia.

-Sistema Abalar

-Blog do Departamento de Lingua Castelá e Literatura:

<http://lenguaalatre.blogspot.com/>

Biblioteca Escolar

Para as actividades ALFIN e como centro de recursos para a lectura utilizaremos a biblioteca do centro, que, como mínimo, estará dotada con cando menos un exemplar dos propostos na constelación literaria que terán un lugar propio e destacado de exposición.

Textos de apoio para as profesoras

- Propostas de programación didácticas e proxectos curriculares.

- Guías didácticas.

- Guías de lectura.

- Revistas específicas.

- Cadernos monográficos de exercicios.

- Bibliografía adecuada a cada tema, sendo a básica que seguirá as docentes a que segue:

JOVER, Guadalupe: *Hablar, escuchar, conversar: teoría y práctica de la conversación en las aulas*. Editorial Octaedro. Barcelona, 2009.

JOVER, Guadalupe: *Un mundo por leer: Educación, adolescentes y literatura*. Editorial Octaedro. Barcelona 2007.

JOVER, Guadalupe: *Formación de palabras en español. Curiosidad por el lenguaje*. Editorial Octaedro. Barcelona 1999.

MORENO, Víctor: *Va de poesía. Propuestas para despertar el deseo de leer y escribir poesías*. Pamiela. Iruña 2004.

MORENO, Víctor: *El deseo de escribir*. Pamiela. Iruña 2004.

- Páxinas web con contidos específicos.

Recurso de especial relevancia nesta materia é o das **saídas didácticas**. Para iso programamos, ademais daquelas que podan xurdir ao longo do curso, as seguintes actividades:

– Facemos Teatro: representación teatral por parte do alumnado.

– *Imos ao teatro*.

– Roteiro Literario con Leticia Costas.

1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Na avaliación dun proceso educativo deben valorarse, ademais dos resultados obtidos polo alumnado, todos e cada un dos elementos que o compoñen, porque a avaliación non só é o punto final do proceso, senón que forma parte do mesmo e pode contribuír decisivamente ao seu proveito se é realmente educativa. É dicir, a avaliación é un elemento máis do complexo proceso de aprender e ensinar, e ha de ser planificado e utilizado de acordo cos outros elementos que o conforman: os obxectivos, os contidos, as actividades e os propios métodos pedagóxicos.

En coherencia con isto, debemos de estar en disposición de ofrecer información sobre o proceso de ensino aprendizaxe dun estudante en calquera momento do proceso mesmo, isto é, en calquera momento do curso, sen necesidade de esperar á realización dunha “proba” que determine de modo categórico cal é o grado de consecución de obxectivos e de desenvolvemento das capacidades dun alumno ou alumna.

Deste xeito, sen esquecer que a cualificación é importante, non poderemos baseala exclusivamente nos resultados obtidos pol@ estudante nunha proba avaliativa global dos seus coñecementos, senón que deberá outorgarse de acordo cos seus avances na aprendizaxe en relación cos obxectivos propostos, avances que haberá que observar día a día.

Esta información servirá, así mesmo, ao profesorado para reflexionar sobre o proceso de ensino que leva a acabo, reconducíndoo se fose necesario, e para orientar, en colaboración cos restantes profesores e profesoras do grupo, a acción titorial, detectando problemas de aprendizaxe, de actitudes, aportando datos que axuden a un mellor rendemento do grupo, etc.

Fanse así necesarios tres tipos de avaliación, en función do momento en que se realizan:

× **Avaliación inicial ou diagnóstica:** realízase cada vez que se inicia unha nova etapa ou un novo ciclo. Consiste na elaboración dun historial do alumno: capacidades desenvolvidas, coñecementos previos, características específicas que poidan influír no rendemento académico... Ten como finalidade o coñecemento do alumnado e a prevención do fracaso escolar, e orienta ao profesorado en canto ao proceso máis adecuado na práctica docente. É importante evitar a clasificación do alumnado. A avaliación inicial permite, pois, valorar a competencia do alumnado sobre os coñecementos necesarios para iniciar calquera proceso de ensino aprendizaxe.

× **Avaliación formativa ou cualitativa:** valora a progresión d@ alumn@ en

relación cos obxectivos e contidos establecidos e lévase a cabo de forma continuada. Supón o seguimento, día a día, da evolución do alumnado e proporciona a información que permite realizar os axustes necesarios dos diversos compoñentes curriculares ao ritmo particular de aprendizaxe.

× **Avaliación sumativa ou cuantitativa:** valora os resultados da aprendizaxe, ao acabar o proceso, para comprobar o grado en que se alcanzaron os obxectivos. A finalidade da avaliación sumativa é determinar o grado de éxito do proceso educativo.

Contemplaremos unha avaliación formativa que se baseará no grao de consecución, en termos de capacidades, dos obxectivos sinalados.

Neste apartado cualificaranse:

- ✓ As tarefas diarias (na aula e na casa)
- ✓ Os traballos demandados. Debe cumprirse o prazo de entrega; de non ser así, baixarase a cualificación.
- ✓ Probas orais. Débese demostrar a capacidade de expresión oral requirida para cada nivel.

Contaremos unha **avaliación sumativa** que se realizará cada trimestre. A avaliación do alumnado, será obxecto de un seguimento continuo e individualizado, así como da avaliación do grupo e da relación entre cada estudante e o conxunto no que se integra. Para a consecución da correspondente cualificación numérica trimestral e anual (ordinaria):

- Realizaranse probas en cada avaliación, tanto escritas como orais, que recollerán tanto aspectos conceptuais como procedementais. A súa puntuación equivalerá ao 35% da nota.
- Realizaráanse traballos por proxectos en todos os trimestres. A súa puntuación equivalerá ao 35% da nota. Cando o alumnado participe en proxectos de aprendizaxe cooperativa a cualificación individual dos mesmos resultará da media entre a cualificación do produto final e a cualificación d@ alumn@ en traballo cooperativo, segundo as rúbricas correspondentes.
- Traballo e participación na clase, valorándose o esforzo, realización satisfactoria dos proxectos propostos, presentación do material e realización das actividades de aprendizaxe e reforzo, equivalente ao 10% da nota.
 - As tarefas de Portfolio farán media ponderada cos traballos de proxecto. De non haber proxecto, este traballo terá un valor do 10% da nota de avaliación.
 -

- Lectura de obras literarias: á lectura de tres obras literarias obrigadas corresponderalle un 10% da cualificación.
 - A lectura de obras literarias con carácter voluntario, coa conseguinte realización dun traballo (videorecensión ou booktrailer) subirán a cualificación final até un 0,5 da nota por cada traballo.
- **Caderno de Viaxe:** á escrita e entrega do **Caderno de viaxe** corresponderalle un 10% da cualificación na materia. O anticaderno é unha actividade diaria. Comezamos a sesión coa lectura dunha historia, ou o visionado dun vídeo, e a continuación lemos a tarefa do día anterior (partillar a tarefa co grupo será valorado positivamente) e propomos unha nova. Ao finalizar o primeiro trimestre, o alumnado que o desexe pode entregar para cualificación o seu caderno de viaxe, escrito e decorado de maneira autónoma. A actividade é totalmente voluntaria en todos os seus pasos.

Nas **probos escritas** poderase reducir a nota até 1 punto por **erros graves considerados na rúbrica de Expresión Escrita**.

A avaliación final ordinaria será o resultado da progresión da aprendizaxe ao longo dos trimestres, aínda que se poderá ver reforzada por unhas probas finais que midan a adquisición das competencias. Asemade, se o alumno ou alumna non acadase os obxectivos poderanse facer unhas probas de recuperación de contidos para cada trimestre.

A avaliación final extraordinaria, para a que se proporán unha serie de actividades de reforzo relacionados con cada Unidade Didáctica e a adquisición dos contidos da mesma, dependerá dun exame no que se plasmará a aprendizaxe dos contidos mínimos e a consecución dos obxectivos programados, así como a adquisición do grao mínimo establecido nos estándares de aprendizaxe.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é, ante todo, un proceso para obter información, que, unha vez analizada, permita tomar decisións correctas para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe e corraxir aqueles problemas detectados, tanto no progreso do alumnado, como na metodoloxía empregada, nos obxectivos propostos, nos contidos e, até, nos propios criterios de avaliación seleccionados. A avaliación ten que ser útil para o profesorado, pois debe permitirlle coñecer a evolución na aprendizaxe do alumnado,

descubrir os posibles problemas e establecer as medidas para corríxilos. Por todo isto, hai que buscar uns instrumentos de avaliación adecuados á metodoloxía empregada na aula, e aos diferentes tipos de contidos, e que, ao mesmo tempo, aporten unha información significativa para @ alumn@ e para a profesora.

Todo iso fai necesario recorrer a uns instrumentos variados, flexibles e abertos que contemplan non só o estado de habilidades do alumno, senón tamén a súa evolución. Estes instrumentos variarán dependendo dos distintos obxectivos que se pretendan traballar:

– **Observación sistemática:**

A través deste instrumento o profesorado pode avaliar contidos de todo tipo, conceptuais, procedimentais e actitudinais: respecto e participación na clase, traballo en grupo, capacidade de observación e atención, constancia e tenacidade no traballo diario, intervencións na clase, participación en actividades de grupo, expresión oral, interese e curiosidade polos contidos... A recollida de información pódese realizar de diferentes formas, empregando unhas ou outras segundo o tipo de contidos que se traballen: diagramas de observación, diario de clase, escalas de observación...

Con respecto à cualificación final, os negativos (incumprimento de prazos na entrega de tarefas, ausencia de traballo na aula ou na casa, incumprimento reiterado das regras de interacción, intervención e cortesía nos intercambios comunicativos) e positivos (realización de tarefas voluntarias, intervencións resolutivas de conflitos) recollidos no diario de clase restarán e sumarán respectivamente 0'1 puntos na cualificación final do trimestre.

- **Caderno de clase:**

É o instrumento de traballo básico do alumnado e polo tanto un documento valioso de avaliación. Nel pódese reflectir o uso de fontes de información, a expresión escrita, a constancia no traballo diario, a orde, a limpeza, a elaboración de esquemas, resumos, mapas conceptuais, a corrección de erros, o uso do dicionario, a ampliación do vocabulario, a ortografía, a presentación... O alumnado debe levalo a clase diariamente e telo sempre dispoñible para a súa revisión.

- **Portfolio:**

Será un dos instrumentos básicos de avaliación para a aprendizaxe baseada en proxectos: incluírá aquelas tarefas escritas solicitadas a cada alumn@ pola profesora ao longo do curso. O alumnado terá sempre a posibilidade de revisalas e melloralas, incluíndo sempre no [portfolio](#) as diferentes versións de cada tarefa. O portfolio ten como obxectivo principal fomentar no alumnado o interese por mellorar e revisar as súas

produccións.

- Produtos finais dos proxectos:

A aprendizaxe baseada en proxectos busca a realización dun produto final: una presentación informática, un blog, unha wiki, un mural, un kamishibai, unha videocreación, etc.

- Rúbricas

Para a avaliación de tarefas e produtos, a profesora elaborará rúbricas con descritores de competencias coas que medir a calidade dos traballos. Contamos con tres rúbricas básicas que achegamos en anexo: para a avaliación da expresión escrita, para a avaliación da exposición oral dunha presentación, e para a avaliación do traballo en equipo.

Ademais, para cada un dos proxectos, elaboraremos, EN CONXUNTO CO ALUMNADO, a rúbrica para a revisión do produto final, integrando así o instrumento de avaliación nas tarefas de aula e familiarizando ao alumnado coas técnicas e criterios de avaliación, cousa que facilitará o seu proceso de auto-avaliación.

- Probas escritas:

Son adecuadas, sobre todo, para contidos de carácter conceptual e procedimental. Este tipo de probas poden ser moi variadas, dependendo do tipo de contido que se queira avaliar. Débense buscar probas adecuadas á metodoloxía empregada, que non busquen unha repetición literal dos contidos expostos na aula, senón que supoñan un exercicio de síntese, de comparación, de resolución de problemas, de análise... É necesario para @ alumn@ que se enfrenta a este tipo de probas exercitar a memorización dos contidos, pero tamén desenvolver outras capacidades como a comprensión e a expresión. Estas probas están especialmente indicadas para a asimilación e comprensión dos contidos específicos da área e para a comprobación das lecturas esixidas, e poderán presentar textos a partir dos que se establezan preguntas que fagan referencia ós contidos desenvolvidos no trimestre, e mesmo preguntas de comprensión lectora: identificación do tema, actitude do autor/a, a inferencia textual, resumo, identificación de ideas...

Procuraremos facer, cando menos, unha proba por trimestre, dependendo sempre da evolución dos proxectos documentais.

- Fichas de lectura:

Permiten coñecer a capacidade de análise e comprensión do alumnado e certos contidos de carácter conceptual, procedimental e actitudinal, e favorece o uso da

biblioteca. As fichas de lectura poden ser recollidas en formatos diferentes: vídeo-reseña ou booktrailer.

Para a avaliación de lecturas voluntarias, será este o instrumento utilizado, podendo acrescentar a cualificación final con até unha puntuación de 0'5 por vídeo-recensión elaborada.

– **Autoavaliación:**

O alumando, como xa comentamos no apartado da rúbrica, pode realizar a súa autoavaliación, ao finalizar cada unidade didáctica e cada trimestre. Unha das actividades das que se poden obter datos reveladores neste sentido pode ser a cumprimentación dun cuestionario no que cada alumno indique o seu grado de satisfacción con respecto ao proceso: se cre que aprendeu suficientemente, que grado de dificultade ten para el a materia, que dificultades atopa ao traballar determinados contidos, cal considera que foi o seu rendemento, cales poderían ser as causas dun rendemento insatisfactorio, se recibiu instrucións claras e completas, que suxestións aporta ou que compromisos fíxase para mellorar aquel, etc. Será utilizada sobre todo para reflexionar sobre os traballos en equipo e o portfolio.

- **Outros instrumentos específicos:**

Utilizaranse para a valoración doutro tipo de actividades máis específicas encamiñadas ao desenvolvemento de contidos puntuais, sempre dirixidas á consecución dos obxectivos da área e aos obxectivos da etapa.

Todos os instrumentos de avaliación intentan recoller aquelas actividades encamiñadas ao desenvolvemento integral do alumnado, sen esquecer os contidos de carácter actitudinal, como o interese, o respecto, a solidariedade... e os temas transversais que percorren esta programación. A súa valoración é importante para concederlle o prestixio académico do que gozan outros tipos de contidos, como os conceptuais, que foron case os únicos valorados pola comunidade educativa durante tantos anos. Os contidos actitudinais poderán ser avaliados polo profesorado mediante a observación directa e cotiá, na aula, das actitudes manifestadas por cada alumna ou alumno: o interese que demostre ao esforzarse en corrixir un hábito lingüístico inadecuado, a participación nas diversas actividades de clase, a atención que presta, o respecto cara as demais persoas, etc.

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE REFORZO NO CURSO NO QUE ESTÁN

INTEGRADOS

O alumnado recibirá especial seguimento desde a avaliación inicial do curso. Unha vez corroborado o seu baixo nivel de desenvolvemento da competencia lingüística na avaliación inicial (ou, de non ser así, en calquera outro momento do curso), o/a alumno/a recibirá reforzo educativo, consistente na realización de actividades extra (a maiores das que se pon ó resto do grupo) que incidan especialmente nos contidos mínimos esixibles a través de fotocopias de actividades de cadernos de reforzo e repaso en cada nivel (na biblioteca do departamento dispoñemos de material didáctico variado para iso). Ademais, de ser posible polo horario individual das docentes en cuestión, procurarase estar a disposición do alumnado durante algún recreo para que se lle formulen preguntas, dúbidas ou se lle pida axuda na realización dos exercicios da materia.

Medidas de carácter metodolóxico, co alumnado que presente máis dificultades son as que seguen:

- Facer explicacións individuais unha vez feita a xeral.
- Non entregar nunca unha proba completa: dividila en partes para non bloquear @alumn@.
- Dar apoio visual en exercicios e probas.
- Dividir as probas en dúas partes e realízalas en diferentes sesión.
- Comprobar que @alumn@ comprende as preguntas.

9. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Desde o comezo do curso e ata dúas ou tres semanas despois, aproximadamente, os docentes adicarán as clases a coñecer o nivel académico inicial dos seu novo alumnado a través de distintos procedementos:

- Intercambios orais co alumnado: seguindo o modelo de pregunta
 - Resposta, diálogos, debates, presentación persoal de cada @alumn@ diante do grupo, comentarios orais e en voz alta sobre un texto lido na aula.
- Observación do traballo do alumnado na aula e da súa calidade.
- Análise e revisión das producións do alumnado:
 - caderno de clase

- actividades creativas: redaccións, poemas, entrevistas ficticias, murais
- pequenos traballos sobre fragmentos de textos literarios lidos na aula.

- Proba escrita, específica da avaliación inicial, na que se pregunten cuestións relativas ós contidos mínimos esixibles no curso anterior e que implique a posta en práctica das competencias clave (especialmente as máis relacionadas coa materia de Lingua Castelá e Literatura, como: as competencias lingüística, social, cultural e artística ou de aprender a aprender). Nesa proba figurarán, como modelo recomendable de avaliación, un texto (ou máis) sobre o que se realizarán preguntas de comprensión e localización de información, cuestións de coñecementos lingüísticos (léxico, semántica, sintaxe) e de literatura (sobre algún autor ou obra fundamental da historia da literatura en lingua castelá). A corrección desa proba específica de avaliación inicial non suporá unha nota cuantitativa para o alumno, pero si cualitativa.

Comentaráselle por escrito a cada alumno os conceptos ou procedementos que debe traballar máis de cara ó curso no que se atopa e, dependendo da gravidade da falta de coñecementos e do rendemento académico nesta materia en cursos anteriores, contemplarase a posibilidade de integrar a determinado alumnado nun programa de reforzo educativo na materia.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON DIFICULTADES NA APRENDIZAXE

O alumnado que presente un baixo grao de desenvolvemento da competencia lingüística en castelán recibirán un reforzo educativo – semellante ó dos alumnos repetidores coa materia de lingua castelá suspensa-, que consistirá en:

- Facilitar semanalmente ó alumnado actividades de repaso e reforzo da materia (a través de fotocopias do material didáctico oportuno ou de fichas de elaboración propia), que incidan especialmente no grao mínimo establecido para a consecución dos estándares.

- Corrixir semanalmente esas actividades e devolvérllas ao alumnado cos comentarios oportunos para que detecte os seus erros e sexa máis consciente do seu proceso de aprendizaxe.

- Se é posible polo horario da docente, procurará estar dispoñíbel durante un recreo á semana para ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de propor dúbidas, preguntas, ou recabar a súa axuda na realización das tarefas da materia.

Entre os obxectivos que se perseguen con ese reforzo figuran:

Obxectivo 1: Comprender discursos orais e escritos.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Deficiente lectura mecánica	*Ler en voz alta, con entonación e ritmo adecuados, textos de extensión reducida.
*Deficiente lectura comprensiva	*Ler textos breves en silencio primeiro e logo en voz alta, para expresar a continuación a idea principal. *Realizar actividades de comprensión previas á lectura e durante a mesma
*Deficiente lectura expresiva	* Ler en voz alta textos poéticos e teatrais, co ritmo, velocidade e entonación que mellor se axusten ao contido.
*Mala pronunciación	*Ler en voz alta textos alleos (poéticos especialmente) e propios. * Realizar breves exposicións orais sobre calquera tema
*Falta de vocabulario	*Facer exercicios de léxico e semántica, especialmente definicións. *Realizar as actividades académicas coa axuda sempre dun dicionario

Obxectivo 2: Utilizar a lingua (oral e escrita) para expresarse de forma coherente e adecuada.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Escaso dominio da ortografía.	*Realizar actividades específicas sobre acentuación, puntuación ou erros ortográficos. *Levar un rexistro persoal de erros ortográficos. *Facer exercicios específicos de lectura, escritura e ditado para a fixación visual das palabras que máis soen causar os seus erros.
*Desorde do discurso.	*Realizar breves exposicións orais e escritas con esquemas previos.
*Incapacidade para adecuar o rexistro lingüístico á situación comunicativa.	*Corrixir, por inadecuadas, as expresións vulgares e de xergas. *Reprimir todo tipo de insultos, tacos e frases malsoantes.
*Dificultade para expresar pensamentos e sentimentos.	*Contar oralmente ou por escrito historietas gráficas mudas. *Continuar os textos lidos, intentando imitar o seu estilo. *Explicar oralmente os textos literarios lidos e os recursos que conteñen. *Propoñer redaccións sobre aspectos cotiáns da súa vida e de carácter introspectivo e persoal.
*Falta de adestramento no uso da linguaxe corporal.	*Propoñer actividades con linguaxes non verbais: xestual, mímico e plástico. *Esixir actitudes e posturas correctas na aula.
*Uso desmedido de "muletillas".	*Corrixir o inicio e o desenvolvemento das conversacións e exposicións orais, para evitar o abuso das muletillas e os silencios que cortan a fluidez do discurso. *Traballar os nexos textuais.

Obxectivo 3: Utilizar a lingua para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Escaso manexo das fontes de información.	*Elaborar traballos sinxelos de investigación, para que vaian afacéndose á correcta utilización das fontes de información.
*Pouco dominio de técnicas de traballo intelectual	*Utilizar continuamente as técnicas esenciais de aprendizaxe: subliñado, esquemas, cadros, resumos, títulos, etc
*Descoñecemento do manexo de dicionarios e enciclopedias.	*Localizar e manexar diversos tipos de dicionarios e enciclopedias na biblioteca do centro. *Realizar actividades e xogos con dicionarios e enciclopedias.
*Descoñecemento da utilización e Internet	*Utilización dos computadores para practicar a xestión de programas básicos e a navegación pola rede.

Obxectivo 4: Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Ignorancia da terminoloxía lingüística esencial	*Ir proporcionándolles un vocabulario dos termos lingüísticos esenciais, definidos con claridade e precisión. *Aprendizaxe memorístico dos conceptos gramaticais *Empregar un método inductivo, partindo de realidades lingüísticas concretas, para chegar, por abstracción, ós conceptos
*Rexeitamento da materia de lingua, cando se reduce a pura gramática	*Equilibrar o tempo adicado ó uso da lingua, á gramática, á literatura e á lectura. *Perseguir o obxectivo de coñecer os mecanismos da lingua para mellorar o seu uso.

Obxectivo 5: Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

DIFICULTADES	ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
*Escaso uso da lectura con finalidade lúdica	*Dispór na aula ou na biblioteca do centro de libros atractivos adecuados á idade e intereses do alumnado. *Explicar aos/ás compañeir@s os libros que máis lle gustaron.
*Rexeitamento das grandes obras da literatura	*Seleccionar fragmentos de textos apropiados á súa idade, capacidades e intereses. *Fomentar a asistencia a representacións teatrais e recitais. * Poñer á súa disposición coleccións e versións adecuadas á súa idade.

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ao longo do curso, nos trimestres nos que está previsto abordar determinados contidos e os seus estándares de aprendizaxe, traballaranse os seguintes elementos transversais vencellados a eles:

Comprensión lectora e expresión oral e escrita:

É unha das bases fundamentadoras da materia. Ten espazo e tarefas específicas en cada un e todos os proxectos de aula. A metodoloxía de traballo escollida (traballo en equipos cooperativos e sesión dialogadas) outorga un protagonismo especial a estes elementos.

O emprendemento:

Incidirase especialmente no espírito emprendedor de personaxes de textos comentados na aula ou propostos como libro de lectura obrigatoria, avaliando positivamente o seu desexo de vivir novas aventuras, aprender novos coñecementos ou participar en proxectos interesantes para o seu futuro persoal e/ou profesional. Novamente, o traballo en equipos cooperativos, artellando proxectos que buscan a consecución dun obxectivo final, un produto, marcan tamén a presenza transversal do emprendemento.

A comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación:

Todo o referido a às tecnoloxías da información e a comunicación está recollido nas **aportacións desta materia ao Plan TIC**.

A igualdade efectiva entre homes e mulleres:

As constelacións literarias escollidas traen á aula a reflexión crítica sobre a discriminación de xénero no cánone literario e a construción de roles sexistas. Traballarase co alumnado as connotación sexistas no uso da lingua e fomentarase usos alternativos que visibilicen a muller nos textos.

Prevenção da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia:

O alumnado reflexionará sobre as consecuencias negativas de calquera forma de violencia a través de lecturas que aborden períodos históricos bélicos ou relacións humanas marcadas polo recurso á violencia. Fomentarase, polo tanto, o rexeitamento de todos os procesos violentos na interacción entre persoas e pobos.

Para iso, as constelacións literarias “De cuadro en mito”, “A volta ao mundo en 80 Libros” resultan de grande interese, pois pode ser avaliado de maneira crítica e en contrapunto con outras lecturas, o uso da violencia por parte das deusas e deuses do Olimpo, ou a violencia das colonizacións e os movementos escravistas.

Educación e seguridade viaria:

A lectura de textos nos que estean moi presentes viaxes ou desprazamentos dos personaxes ao longo da historia permitirá lembrar a importancia dunha boa rede de comunicacións para o desenvolvemento dunha sociedade, pero tamén a necesidade de cumprir as normas de circulación (tanto como condutoras como peóns).

Educación para a convivencia e para a paz:

Traballarase a importancia do diálogo e da palabra para evitar e solucionar conflitos cotiáns, fomentando un ambiente de aula democrático e respectuoso cos dereitos das persoas. A lectura de textos literarios cunha historia que se desenvolve durante unha guerra ou un conflito armado permitirá salientar os beneficios de vivir en paz, promovendo o respecto e a tolerancia como base imprescindible para unha boa convivencia entre individuos e colectividade humanas.

Educación artística:

A lectura dalgúns poemas e fragmentos de obras significativos da historia da literatura en lingua castelá tentará espertar nos alumnos a conciencia e a creatividade artísticas. Buscarase a interacción con outras artes (pintura, escultura, música, cinema, etc.) para facilitar o achegamento às mesmas por parte do alumnado.

Educación para o consumo:

O contraste entre as escasas necesidades de consumo de roupa ou comida por parte de personaxes de textos literarios situados en épocas pasadas e o excesivo consumismo na sociedade contemporánea permitirá comprobar aos alumnos o innecesario dalgúns produtos que hoxe se mercan habitualmente.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO

Roteiro literario de *Jules Verne e a Vida secreta das mulleres planta*, con Leticia Costas, no 3º Trimestre.

Saída didáctica: Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra: nivel por determinar.

Saída didáctica: Imos ao teatro. Tentaremos organizar unha saída teatral

coincidindo coa proxecto correspondente.

15. CONTRIBUCIÓN A PROXECTO LECTOR

PLAN ANUAL DE LECTURA.

A configuración do Plan Lector garda relación directa coa proposta metodolóxica para ensinar a literatura. O noso obxectivo será formar lectores e lectoras competentes, entendendo por isto o cumprimento de tres obxectivos:

- ✓ A conformación dun novo tipo de cidadanía inclusiva e cosmopolita, paritaria e democrática.
- ✓ A contribución ao esclarecemento da condición humana, percibindo aquilo que nos fai esencialmente iguais e diversos aos seres humanos.
- ✓ A recuperación da palabra e a imaxinación como instrumentos para a construción da personalidade.

Para lograr estes obxectivos utópicos, é preciso mudar as maneiras de traballar a lectura nas aulas; conseguir facer dela un instrumento para a reflexión, o debate e o pensamento crítico.

Durante o curso 2016-2017 comezamos a introducir nos nosos cursos a metodoloxía das [constelacións literarias](#), comezando en 1º da ESO, en 3º ESO e no resto dos niveis en función das circunstancias concretas de cada grupo. En todo o caso, planificamos as constelacións coa idea de conformar un ciclo global que abarque toda a etapa educativa de secundaria.

Visitas á biblioteca para a realización de actividades de consulta de fondos. En primeiro e serán desenvolvidas actividades de Educación Documental.

As constelacións literarias.

Unha [constelación literaria](#) consiste nunha agrupación de lecturas seguindo un criterio interpretativo, sexa temático, sexa de xénero, que inclúe na selección obras literarias de diferente autoría, épocas e xéneros.

A constelación literaria debe atender aos seguintes criterios:

- Que parta d@s adolescentes, incluíndo obras que podan comprender, única maneira de evitar que adquiran xuízos de valor de cuxa elaboración non son partícipes.
- Que se establezan sen acotacións xeográficas: que non inclúan só obras da

literatura española.

- Que sexan abertas e flexíbeis, o que quere dicir que unha mesma obra pode pertencer a dúas ou máis constelacións diferentes e permite moitas e diversas aproximacións.
- Que vaian acompañadas da formulación explícita dos criterios de selección das obras.
- Que permitan a lectura en contrapunto con outro tipo de discursos (cine, televisión, videoxogos...).
- Que teñan como finalidade contribuir á urdime interior –cognitiva, estética, moral e afectiva- de quen as contempla.

As Constelacións seleccionadas son as seguintes:

De cuadro en mito.

A volta ao mundo en 80 libros.

A secuenciación do traballo é como segue:

- Presentación ao alumnado da constelación: a profesora elaborará *trailers* (ppt, selección de textos) nos que achegarán cada unha das obras seleccionadas ao alumnado.
- Selección da lectura compartida: unha vez presentadas as obras, cada grupo escollerá unha delas como lectura compartida, sobre a cal se traballará, con actividades de diálogo e creación literaria, unha vez por semana. As lecturas compartidas en 1º ESO correspóndense coa segunda constelación:
 - **Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta**, de Leticia Costas
 - **La historia Interminable**, de Michael Ende.
- Ademais será escollida unha sesión semanal fixa adicada a escoitar, narrado pola profesora, un mito e comentar, toda a clase, algunha obra artística (pintura, escultura) relacionada co mesmo. Combinaranse así a práctica da oralidade, a educación literaria e a educación artística e estética.
- Selección de lecturas individuais: cada alumno e alumna seleccionará tres obras das constelacións (como mínimo) para lectura individual. É obrigado demostrar a lectura delas nos prazos marcados pola docente.
- Lecturas voluntarias: Sobre cada obra será elaborado un traballo de argumentación oral en formato audiovisual para incorporar ao blog da Biblioteca Escolar. Pode ser un booktrailer ou unha vídeo-reseña.

Bibliografía específica:

Jover, Guadalupe: *Un mundo por leer. Educación, Adolescentes y Literatura*. Octaedro. Barcelona 2007.

Jover, Guadalupe (coordinadora): *Constelaciones Literarias. Sentirse raro. Miradas sobre la adolescencia*. Bibliotecas Escolares de la Provincia de Málaga. Boletín de Información de Apoyo. Separata 35. Febrero 2009.

Libros da Constelación “A volta ao mundo en 80 libros”

Jules Verne e a vida das mulleres planta, de Leticia Costas

Océanos. La verdadera historia del viaje del 'Nautilus', de [Emily Hawkins](#), A. J. Wood

(informativo)

20.000 leguas de viaxe submarina, de Jules Verne.

Nemo. O rapaz sen nome, de David Morossito.

Maelström, Maelström, de Manuel Sánchez Gálvez.

Lili, Leto y El Demonio del Mar, de [Cornelia Funke](#).

O galeón das Illas Cíes, de Josep Lorman.

El primer viaje alrededor del mundo, de [Antonio Pigafetta](#) (diario ddun dos viaxeiros de Magalhaes-Elcano)

**En la otra punta de la Tierra*, de [Philippe Nessmann](#) (baseada no caderno de bitácora de Antonio Pigafetta)

**** Os Papalagi**, de Tuiavii de Tiavea.

A pel do mundo, de Berta Dávila (poesía)

A volta ao mundo en 80 días, de Jules Verne

La vuelta al mundo en 80 días de Julio Verne, de [Loïc Dauvillier](#) (banda deseñada)

As viaxes fantásticas de Jules Verne (álbum, Baía).

As viaxes de Gulliver, de Johnatan Swift.

** El joven Gulliver*, de [Vicente Muñoz Puelles](#)

A illa do tesouro, R.L. Stevenson.

Morning Star, de Xosé Miranda.

Lúa e os nubeiros, de Xosé Miranda.

Costa do Solpor. O regreso da Illa do Tesouro. Xosé M^a Lema.

***Bandeiras Negras,** de Ana María Galego.

Os nenos da variola, de María Solar.

Nuevo Mundo. Isabel Zandal en la Expedición de la Vacuna, de El primo Ramón (álbum ilustrado).

O principiño, de Saint-Exupéry.

O futuro roubado, de [Ramón Caride Ogando](#).

As peripecias de Roi, de Pinto e Chinto (viaxe en globo)

A balada dos unicornios, de Leticia Costas.

Proxecto Bolboreta, de Andrea Maceiras.

A illa de todas as illas, de Xabier P. DoCampo

Vento galerno, de Antonio Yáñez Casal.

Penumbra, de Daniel Landesa.

Ámote Leo A. Destino Xalundes, de Rosa Aneiros.

Corto Maltés. Balada do mar salgado, de Hugo Pratt.

Eu son Suleiman, de [Antonio Lozano](#).

Smara, de [Paula Carballeira](#).

A terra de Anna, de [Jostein Gaarder](#).

***A Rapaza de Tinta e Estrelas,** de [Kiran Millwood Hargrave](#).

O maravilloso país dos snergs, de E. A. Wyke-Smith.

Seda, de Alessandro Baricco.

Aínda quedan piratas na Costa da Morte, de Consuelo Jiménez de Cisneros e Nivio López Vigil.

Sari, soñador de mares, de Marcos Calveiro.

Las aventuras de Ulises, de Giovanni Nucci

Las aventuras del barón Münchhausen, de Rudolf Erich Raspe

Escuela de Robinsones, de Julio Verne

Venres, de Santiago Freire.

Cuentos de terror del Barco Negro, de [Chris Priestley](#)

Los conquistadores de los mares, de [Catherine Loizeau](#) (informativo)

O libro das viaxes imaxinarias, de Xabier P. Docampo.

Piratas, de [Geoffrey Malone](#).

Náufrago, de [Joan de Déu Prats](#)

**Tierra De Dragones*, de [James A. Owen](#). (o obxecto máxico é un atlas)

La conquista de la Luna, de [Marta Comas](#) (informativo)

A expedición do Pacífico, de Marilar Aleixandre

El ayudante de Darwin, de [Vicente Muñoz Puelles](#), sobre a viaxe do BEAGLE.

Los viajes de Emily Nudd Mitchell, de [Emily Nudd Mitchell](#) (caderno de viaxe ilustrado, ideal para Plástica)

**Nim en el mar*, de [Wendy Orr](#).

**Insu-Pu: la isla de los niños perdidos*, de [Mira Lobe](#).

El maravilloso viaje de Nils Holgersson, de [Selma Lagerlöf](#)

* *Los manuscritos de la tetera*, de [Robert Ingpen](#), [Michael Lawrence](#)

Raidho. Un viaje con los vikingos, de [Núria Pradas Andreu](#)

**El cuento de los cuatro niños que dieron la vuelta al mundo (y algunos limericks)*, de [Edward Lear](#).

Charles Darwin. La aventura de la evolución, de [Clint Twist](#), A. J. Wood (informativo)

Charles Darwin, de Alan Gibbons (informativo, galego)

Julia y la voz de la ballena, de [Álvaro Ortiz Albero](#) (banda deseñada)

La familia Mumin, de [Tove Jansson](#).

**Fóra do mapa*, de [Alastair Bonnett](#).

**Atlas de islas remotas*, de Judith Schalansky.

**Atlas de las islas imaginarias*, de [Huw Lewis-Jones](#).

* *Mapas literarios: Tierras imaginarias de los escritores* , de [Huw Lewis-](#)

[Jones](#) e [Cristina Rodríguez Fischer](#)

**La Memoria Del Viento: Primera Vuelta Al Mundo Del Juan Sebastian El Cano (1928-1929)*, de [Cristobal Serran Ortiz](#).

**Vivir na fin do mundo*, de [Christina Lilliestierna \(cando a fin do mundo somos nós, Galiza\)](#)

Breve historia da escravitude, de [James Walvin](#)

Plasticus maritimus, unha especie invasora, de [Ana Pêgo](#)

Viaxeiros, de [Xulio Gutiérrez](#) (álbum ilustrado)

Unha longa viaxe, de [Daniel Hernández Chambers](#) (álbum ilustrado)

Nordeste, de Daniel Asorey.

SOS Monstros verdadeiros ameazan o planeta, de [Marie G. Rohde](#) (informativo).

A historia de Greta: Non es demasiado pequeno para facer cousas grandes, de Valentina Camerini.

A editorial *Ediciones del Viento* ten unha colección, [Viento Simún](#), cunha chea de crónicas de viaxes por todo o mundo.

Viajes al otro lado del mundo, de David Attenborough.

Narvaez: Por Aguas Inexploradas, de [Jim Mcdowell](#).

16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Para o desenvolvemento dos proxectos será imprescindible obter información utilizando as novas tecnoloxías; algún dos produtos finais requirirán o uso de recursos audiovisuais. O blog de aula e o da biblioteca escolar servirán de contedores para os produtos audiovisuais elaborados polo alumnado ou utilizados para a exposición de novos contidos.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación deben ter ampla presenza na clase de lingua, como elemento básico que son de comunicación e información na sociedade actual. As TIC serán abordadas na materia da seguinte maneira:

- Elaboración de traballos de investigación usando como fonte de información formatos dixitais.
- Presentación oral de traballos con apoio audiovisual elaborado polo alumnado: (uso de power-point, movie-maker e outros programas similares).
- Uso dos equipos EDIXGAL e da AULA VIRTUAL correspondente para a realización de

tarefas e traballos en grupo.

-Uso como recurso didáctico do blog do Departamento (<http://lenguaal aire.blogspot.com/>), tanto para colocar materiais dirixidos ao alumnado como os elaborados polo mesmo.

17. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A mellor contribución da materia a Plan de Convivencia céntrase en dous elementos transversais à mesma:

A metodoloxía escollida: o traballo en base a proxectos e recorrendo a dinámicas de grupo cooperativas favorece o tratamento entre iguais, contribúe a unha mellora do auto-concepto do alumnado e a comprensión de que nun ambiente de traballo colaborativo e non competitivo diminúen os conflitos e aprendemos a xestionalos.

A importancia do diálogo e da palabra para evitar e solucionar conflitos cotiáns, fomentando un ambiente de aula democrático e respectuoso cos dereitos das persoas. Centrar as clases na conversa e no diálogo axuda a desenvolver estratexias para minimizar o dano cando nos comunicamos con outras.